

O turismo cultural en Galicia

Consello da Cultura Galega. Observatorio da Cultura Galega

O turismo cultural en Galicia / Observatorio da Cultura Galega. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2009. — 146 p. : il. ; 28 cm. — (Documentos e informes ; 11)

D.L.: C 3676-2009 — ISBN 978-84-96530-96-6

1. Xestión cultural-Galicia. 2. Turismo cultural-Galicia. I. Título

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2009
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Coordinador

Håkan Casares Berg

Equipo técnico

Purificación Carballo Pérez
Concepción Díaz-Fierros Tabernero

Proxecto gráfico

IMAGO MUNDI Deseño

Imprime

NINO - Centro de Impresión Dixital
R/ Rosalía de Castro, 58 baixo
Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 3676-2009

ISBN 978-84-96530-96-6

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA

O turismo cultural en Galicia



(di)

documentos & informes

Presentación

O Observatorio da Cultura Galega créase coa finalidade de producir información baseada en datos e análises científicas que sirvan como fonte para atender a función do Consello da Cultura Galega de asesorar, avaliar e analizar o tecido cultural e as políticas que se desenvolven neste ámbito.

Os estudos sobre o eido cultural experimentaron un grande auxe nos últimos anos. Hoxe en día, a maioría de estados, institucións e axencias culturais de relevancia non conciben unha planificación estratéxica das políticas culturais sen contar cuns fundamentos de base empírica. As achegas que ofrecen a estatística cultural, a economía e a socioloxía da cultura e os corpos teóricos creados ao abeiro da observación da promoción cultural permiten diagnosticar, predicir e avaliar políticas e hábitos e poñer en valor a cultura, medindo o seu impacto no tecido económico e social no que se insire.

Cando o Observatorio iniciou a súa andaina, atopámonos coa necesidade de establecer un marco que delimitase o ámbito cultural galego atendendo tanto ás directrices de organismos internacionais, como a UNESCO e a Unión Europea, como ás particularidades do noso propio sistema. Desá clasificación xurdiu a necesidade de estudar, entre outros sectores, o turismo cultural. Esta modalidade de turismo, que vén despertando o interese de estados, rexións e estudosos, semella ter unha importancia crecente en Galicia. Os cambios nos hábitos dos viaxeiros, a posta en valor da diferenciación e a demanda de experiencias de ocio afastadas da tradicional oferta turística de sol e praia obrigan a xestores públicos e empresas a ofrecer produtos que atendan estas necesidades. A singularidade do noso patrimonio histórico así como a riqueza paisaxística e a multiplicación de manifestacións culturais converten a Galicia nun destino cun potencial de crecemento importante.

A confluencia destas características, xunto con apostas como o Xacobeo ou a Cidade da Cultura, orientadas dun xeito ou outro a potenciar este tipo de viaxes, e o significado que o conxunto do turismo debería ter na recuperación económica do país fan deste estudo unha fonte indispensable para comprender a magnitude dun sector onde cultura, economía e patrimonio se mesturan, xerando impactos directos e indirectos netamente positivos entre eles. A realidade que describe este informe dá conta do crecemento dunha industria que demostra, unha vez máis, a relevancia que a cultura ten no desenvolvemento de Galicia.

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega

Índice

7 PRESENTACIÓN

11 CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICA E CONCEPTUAL DO TURISMO CULTURAL

1. Introducción
2. O turismo cultural
3. O contexto da industria turística

25 METODOLOXÍA

1. Estatística do gasto dos non residentes en Galicia
2. FRONTUR
3. FAMILITUR
4. Estatística de turismo cultural
5. Estimacións económicas

35 TURISMO NACIONAL

1. Turismo en destino
2. Turismo en orixe

43 TURISMO INTERNACIONAL

49 TURISMO CULTURAL DOS NON RESIDENTES REXISTRADOS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS GALEGOS DE 3, 4 E 5 ESTRELAS

1. Movemento turístico
2. Gasto do turismo

57 O TURISMO CULTURAL E O CAMIÑO DE SANTIAGO

63 IMPACTO DO TURISMO CULTURAL NA ECONOMÍA GALEGA

1. Consideracións teóricas e metodolóxicas sobre as estimacións
2. Principais magnitudes macroeconómicas

69 CONCLUSIÓN

75 TÁBOAS

143 BIBLIOGRAFÍA

Capítulo I

CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICA E CONCEPTUAL DO TURISMO CULTURAL

1. INTRODUCCIÓN

Unha das cuestións máis difíciles de concretar cando falamos de turismo en xeral constitúea a súa propia definición, tal e como apunta Marc Boyer en *Le Tourisme* (1972).

Segundo a Organización Mundial do Turismo (OMT), este concepto comprendería «o conxunto de actividades que realizan as persoas durante as súas viaxes e estadías en lugares diferentes aos do seu contorno habitual, por un período de tempo consecutivo inferior a un ano e con fins de ocio, negocio ou outros motivos».

A través da definición do concepto «turismo» faremos un sucinto repaso histórico sobre a evolución deste no decurso do pasado século. Os esforzos por establecer unha definición remóntanse a finais do primeiro terzo do século xx, aínda que non foi unha tarefa doada, por mor da evolución desta actividade ao longo dos anos. Con todo, e guiándonos polas diferentes definicións do concepto «turismo» pódense distinguir, de xeito básico, tres etapas fundamentais no seu desenvolvemento:

A primeira, no primeiro terzo do século xx, cando empeza a ser estudado como un fenómeno social entendido fundamentalmente como movemento de forasteiros. É neste marco cando, en 1925, nace a Unión Internacional de Organismos Oficiais de Turismo (UIOOT), entidade non governamental constituída para promover o turismo como elemento potenciador do progreso económico e sociocultural dos países.

A segunda, cando emerxe o turismo de masas como consecuencia das transformacións e cambios da sociedade tras a Segunda Guerra Mundial, momento en que se interrompe a actividade da UIOOT, para se reanudar novamente en 1946. Coincidindo coa era postindustrial, o turismo deixa de ser unha mera actividade viaxeira para se amosar como factor de dinamización socioeconómica, tal e como se constata na Conferencia das Nacións Unidas realizada en 1963, na que se recoñece a importancia deste nas economías nacionais e no comercio internacional. Nesta conferencia séntanse as definicións e clasificacións de turismo para a súa análise estatística.

A terceira, na década dos anos setenta, na que xorde o turismo moderno co nacemento en 1975 da Organización Mundial do Turismo, organismo mundial con atribucións para abordar os problemas que atinxen ao eido turístico no ámbito intergovernamental. Nesta época o turismo acada unha significativa presenza nas políticas das nacións e o recoñecemento da súa contribución á economía destas.

A que pode considerarse como a primeira definición oficial do concepto foi consensuada e expresada en 1967 pola Unión Internacional de Organismos Oficiais de Turismo, que o definía como: «A suma das relacións e servizos resultantes dun cambio de residencia temporal e voluntario non motivado por razóns de negocios ou profesionais». Posteriores contribucións dalgúns autores ampliaron esta definición introducindo, para seren analizados, elementos que facilitaban o estudo do concepto «turismo», tales como desprazamento voluntario e temporal, finalidade recreativa, descanso, cultura ou saúde; actividade non lucrativa nin remunerada xeradora de interrelacións culturais ou económicas. O turismo, en definitiva, empeza a terse en conta como un compoñente significativo cara ao desenvolvemento económico, un redistribuidor do gasto e un xerador de riqueza.

Case vinte anos despois, en 1985, ten lugar en París a Conferencia da Organización Mundial do Turismo, na que se propón a extensión do antigo concepto de turismo para incluír todo movemento de persoas á marxe das súas motivacións. Finalmente, na Conferencia Internacional de Estatísticas de Turismo e Viaxes, organizada pola OMT en

1991, realízase unha revisión e actualización da definición de turismo para chegar a unha descrición definitiva deste, que é a que segue vixente na actualidade e coa que iniciamos esta introdución. Esta definición foi adoptada en 1993 pola Comisión Estatística das Nacións Unidas e é a que se vén utilizando para a definición e clasificación das actividades turísticas internas e internacionais.

En xeral, como vemos, a meirande parte das propostas conceptuais xiran ao redor de catro cuestións fundamentais: a duración da viaxe, a distancia percorrida, a natureza do propio fenómeno turístico (económica e sociolóxica) e a motivación do desprazamento. É precisamente esta última, é dicir, a causa ou razón da viaxe do turista, a que dificulta a determinación dunha clasificación estable e permanente das tipoloxías turísticas, suxeitas á constante evolución da sociedade e, polo tanto, dos hábitos e preferencias desta; poderíamos afirmar que poden existir tantos tipos de turismo como número de motivacións do propio turista. Este carácter múltiple das motivacións do visitante confírelle ao turismo cultural (tipoloxía da que nos ocuparemos de agora en diante como obxecto de estudo do presente traballo) unha gran vantaxe, xa que aparece como produto complementario dentro das diferentes clasificacións existentes. A clasificación que desenvolvemos a continuación (León Raposeiras, 2003) mostra con claridade que, aínda que a motivación principal do viaxeiro ou visitante non sexa a cultural, durante a súa estada realiza actividades vencelladas coa cultura.

Turismo de negocios:

Motivación principal: xuntanzas de negocios, asistencia a feiras empresariais, comerciais, etc.

Actividades relacionadas coa cultura: gastronomía local, coñecemento xeral do destino e dos seus recursos culturais, visitas culturais, adquisición de produtos tradicionais.

Turismo de congresos:

Motivación principal: asistencia a congresos, encontros, xornadas, etc.

Actividades relacionadas coa cultura: actividades complementarias para participantes e acompañantes, gastronomía local, coñecemento xeral do destino e dos seus recursos culturais, visitas a monumentos ou museos e a actos culturais de certa transcendencia (exposicións, representacións teatrais, etc.) e adquisición de produtos tradicionais.

Turismo idiomático:

Motivación principal: aprendizaxe do idioma.

Actividades relacionadas coa cultura: gastronomía local, coñecemento profundo da cultura e costumes locais, interacción cultural, visitas á provincia e país, visitas a monumentos e museos, adquisición de produtos tradicionais, visitas a actos culturais de transcendencia (exposicións ou representacións teatrais, etc.).

Turismo de cruzeiros:

Motivación principal: coñecer máis dun sitio nunha mesma viaxe, descanso e tranquilidade.

Actividades relacionadas coa cultura: coñecemento xeral do destino e os seus recursos culturais, gastronomía local, adquisición de produtos tradicionais e coñecemento concreto dun recurso ou acto cultural.

Turismo de sol e praia:

Motivación principal: descanso, diversión, bo clima, etc.

Actividades relacionadas coa cultura (aínda que en menor medida que noutras clasificacións): interacción social e cultural, adquisición de produtos tradicionais e artesanía, coñecemento dos costumes e folclore, gastronomía local, visita a monumentos e museos, asistencia a actos e festas culturais.

Turismo residencial:

Motivación principal: descanso nunha segunda vivenda, visitas a familiares.

Actividades relacionadas coa cultura: visita a monumentos e museos, interacción social (forte integración co destino), coñecemento da cultura e tradicións locais (gastronomía, folclore, etc.).

Turismo de raíces:

Motivación principal: retorno ao lugar de orixe.

Turismo rural:

Motivación principal: coñecer contornos naturais e rurais, vivir experiencias extraurbanas.

Actividades relacionadas coa cultura: visitas a monumentos e museos, coñecemento profundo dos costumes e do folclore, gastronomía local, adquisición de produtos tradicionais, coñecemento de espazos naturais e forte interacción social e cultural.

Excursionismo:

Motivación principal: coñecer nun tempo breve poboacións e lugares próximos ao da propia residencia, descanso, ocio, tempo libre, etc.

Actividades relacionadas coa cultura: visitas a monumentos e museos, coñecemento dos costumes e o folclore, gastronomía local, visita a espazos naturais, adquisición de artesanía local, entre outros.

Como vemos, malia que o turismo cultural se manifesta como un segmento máis do mercado turístico global, calquera movemento de residentes dun espazo a outro implica entrar en contacto, involuntaria ou voluntariamente, con outra cultura, outros hábitos e outras formas de expresión. Máis aló da verdadeira razón inicial da viaxe, a cultura adquire protagonismo. Este contacto aumenta cando a motivación da viaxe se centra nas expresións culturais e existe unha vontade de coñecer e contrastar realidades diversas; estamos a falar do turismo cultural.

2. O TURISMO CULTURAL

No último terzo do século xx o turismo chega a converterse nun produto de masas de indiscutible rendibilidade. A súa influencia tamén se evidencia nas transformacións das áreas de destino supeditadas a esta multitude de visitantes, algunha moi estereotipada (década dos setenta), que aumenta o seu nivel de esixencia e provoca custos

imprevistos nas zonas receptoras e o incremento da competitividade entre estas. A consecuencia desta situación dáse un pulo á busca de novos produtos turísticos que non se confundan cos anteriores e que desprendan unha significación de calidade, dirixida, nun principio, ao turista minoritario.

A finais dos anos oitenta e principios dos noventa, xorde a necesidade para moitos da diferenciación respecto aos demais e do reforzamento da propia identidade, polo que nace o que algúns consideran o post-turista, cuxo obxectivo é desmarcarse das preferencias maioritarias do turismo convencional e procurar a busca de destinos máis selectos ou exclusivos. Este novo tipo de demanda reorienta a oferta cara a dous tipos de propostas: natureza e cultura. Aparece un novo xeito de facer turismo, que elixe preferentemente destinos con baixo nivel de ocupación, como contornos rurais ou pequenas poboacións. Son os «novos turismos» que se empezan a coñecer como ecoturismo, turismo étnico ou rural, emerxendo con forza entre eles un concepto de expectativas moito máis amplas, o chamado turismo cultural. Estes outros xeitos de facer turismo, definidos como «turismos alternativos», abranguen conceptos como cultura, responsabilidade, experiencia ou sustentabilidade, que achegan a singularidade que os diferencia do resto e que no caso concreto do turismo cultural se estende a todas as súas tipoloxías, como o turismo artístico, patrimonial, monumental, etc.

O turismo cultural e o seu desenvolvemento nos últimos anos veñen a ser, en definitiva, a resulta da evolución do turismo en xeral e a necesidade de diversificación na oferta turística e da súa desestacionalización por mor do cambio nas preferencias da demanda. Indiscutiblemente, cuestións como o crecemento dunha clase media urbana con máis tempo para o lecer, cun maior nivel adquisitivo e educativo, con maior mobilidade territorial e moito máis interesada pola cultura, atraída por un xeito de viaxar diferente que reporte vivencias, experiencias e que deixen pegada no reforzamento da súa identidade e da súa propia riqueza persoal con novos contidos culturais, simbólicos, espirituais ou históricos, son definitivas para que se conforme un modelo de turista afastado do convencional.

Así o recolle o informe *City tourism & Culture: The European experience (2005)*, publicado conxuntamente pola Organización Mundial do Turismo e a Comisión Europea do Turismo (CET), que incide precisamente neste espectacular crecemento do turismo cultural, concretamente en Europa, e prevé a mesma tendencia cara ao futuro, constituíndo nalgunhas sociedades un factor fundamental da súa economía.

Son múltiples as definicións de turismo cultural emitidas tanto polos investigadores como polas institucións internacionais competentes nesta materia, conscientes de que expoñer con claridade e exactitude as características específicas e diferenciadoras deste tipo de turismo posibilita o seu estudo e polo tanto permítenos coñecer o seu peso no mercado e na industria da totalidade do sector. Esta falta de concreción vén marcada, entre outros factores, pola diversidade das actividades turísticas, que na súa meirande parte inclúen o consumo dalgún elemento cultural, máis ou menos xenuíno ás veces, como por exemplo a visita a un museo, ou máis ou menos comercial noutras ocasións, como a degustación da gastronomía local.

A continuación, expoñemos algunhas das definicións que rexen na actualidade os criterios para o estudo e análise do turismo cultural:

O Consello Internacional de Monumentos e Sitios Histórico-Artísticos (ICOMOS), Carta do Turismo Cultural, novembro de 1976: O turismo cultural é «aquela forma de turismo que ten como obxectivo, entre outros fins, o coñecemento de monumentos e sitios histórico-artísticos. Exerce un efecto realmente positivo sobre estes en tanto que contribúe a satisfacer os seus propios fins, ao seu mantemento e protección. Esta forma de facer turismo xustifica, de feito, os esforzos que tal mantemento e protección lle esixen á comunidade, por mor dos beneficios socioculturais e económicos que comporta para toda a poboación implicada». Esta definición foi revisada polo ICOMOS no ano 1999, mais o cambio principal respecto á Carta de 1976 céntrase na relación entre turismo e conservación, facendo unha chamada de atención ao vínculo entre o turismo cultural e a preservación do patrimonio e das tradicións culturais. Para rematar, a Carta de 1999 establece que os proxectos turísticos, as súas actividades e o seu desenvolvemento deben alcanzar resultados positivos, minimizar os impactos negativos para o patrimonio e para a comunidade receptora e, ao mesmo tempo, satisfacer a calidade da experiencia do visitante.

A UNESCO, en 1982, na Conferencia Mundial sobre Políticas Culturais (MONDIACULT) celebrada en México, incide de novo na importancia da dimensión cultural nos procesos socioeconómicos que teñen como obxectivo o desenvolvemento duradeiro dos pobos. É precisamente neste marco cando o turismo empeza a visualizarse como unha actividade que, ademais de contribuír ao desenvolvemento económico, favorece a integración social e o achegamento entre os pobos, sendo o turismo cultural unha modalidade en que converxen políticas culturais e turísticas, portadora de valores e respecto polos recursos, tanto culturais como naturais. En claro nexos de unión, nesta conferencia apróbase tamén a definición máis ampla de cultura, a cal establece claramente o vínculo entre cultura e desenvolvemento: «A cultura pode considerarse como o conxunto de trazos distintivos, espirituais, materiais, intelectuais e afectivos que caracterizan unha sociedade ou un grupo social. Engloba, ademais das artes e as letras, os modos de vida, os dereitos fundamentais ao ser humano, os sistemas de valores, as tradicións e as crezas».

A *Organización Mundial do Turismo*, en 1985, propón unha definición de carácter técnico: «Movemento de persoas debido esencialmente a motivos culturais como viaxes de estudo, viaxes a festivais ou outros eventos artísticos, visitas a sitios ou monumentos, viaxes para estudar a natureza, a arte, o folclore e as peregrinacións». E outra de carácter máis xeral: «Todos os movementos de persoas para satisfacer a humana necesidade de diversidade orientados a elevar o nivel cultural do individuo, facilitando novos coñecementos, experiencias e encontros».

A *Asociación de Educación en Turismo e Ocio* (ATLAS), en 1992, co obxectivo de estudar o desenvolvemento do turismo cultural, propón unha definición técnico-turística: «Todo movemento de persoas cara a atraccións especificamente culturais como sitios patrimoniais, manifestacións artísticas e culturais, arte e representacións, fóra dos seus lugares habituais de residencia [...]» e unha definición máis conceptual: «O movemento temporal de persoas cara a unha atracción cultural fóra do seu lugar habitual de residencia, coa intención de satisfacer as súas necesidades culturais».

O británico Greg Richards, un dos estudosos referenciais no eido do turismo cultural, propón en 2000 unha dobre definición diferenciando claramente o interese conceptual do técnico. Para el, conceptualmente o turismo cultural sería: «O movemento de persoas cara a atraccións culturais fóra do seu lugar de residencia, coa intención de obter nova información e experiencias que satisfagan as súas necesidades culturais». Richards fundamenta a categorización do turismo como turismo cultural dende o modo en que os turistas consomen a cultura. Considerando que a cultura abrangue o que as persoas pensan (actitudes, ideas e valores) e o que fan (obras de arte, produtos culturais, etc.), así como os procesos resultantes de ambas as dúas accións (patrimonio, modos de vida, tradicións, etc.), o turismo cultural non só implicaría a visita de lugares e monumentos, é dicir, o consumo de produtos culturais do pasado, senón tamén o consumo do modo de vida e da cultura contemporánea daquelas zonas que se visiten.

A máis recente reflexión sobre turismo cultural é a que achegou en 2008 o profesor Lluís Bonet, que matiza: «O turismo cultural non deixa de ser un comercio de identidades (reais, ficticias ou soñadas), fomento de clics, pero tamén de curiosidade e ganas de interactuar. No fondo, a demanda cultural dos turistas depende fundamentalmente do capital cultural acumulado, iniciado durante o período formativo e completado a través de experiencias sucesivas ao longo da vida. Pero o devandito capital contén unha mestura de estilos, valores e niveis que, ao entraren en contacto con outra cultura, producen todo tipo de comportamentos en función das circunstancias. Nun mundo interconectado e complexo, o turismo cultural non é máis que unha das tantas formas de diálogo cultural. O reto consiste en que todos saibamos sacar proveito del sen perder polo camiño aspectos fundamentais da personalidade individual e colectiva».

Queda patente, a través deste percorrido polas definicións máis relevantes que conforman a base conceptual de turismo cultural, que turismo e cultura son conceptos fortemente ligados que interactúan de xeito beneficioso para ambos os dous e cuxa relación aumenta co paso do tempo. Esta sinerxía fortalece o atractivo e a competitividade dos lugares de destino: por unha banda, a cultura maniféstase como un activo importante dentro do produto turístico

xa que o distingue do saturado turismo global e, por outra banda, o turismo a través dos ingresos que xera permite o reforzamento do legado, a creatividade e produción culturais.

Esta estreita conexión entre cultura e turismo viuse estimulada por varios factores, segundo nos indica o Comité de Turismo da OCDE (Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico) en *The Impact of Culture on Tourism*:

No que respecta á demanda:

- Maior interese pola cultura, como sinal de identidade e diferenciación fronte á globalización.
- Incremento do nivel cultural como resultado dun maior nivel de educación.
- O envellecemento da poboación das rexións desenvolvidas.
- Cambio de estilo no consumo, que potencia o desenvolvemento persoal en detrimento do materialismo.
- Necesidade de experimentar, de vivir, máis que de ver.
- Aumento da relevancia da cultura intanxible e da importancia da imaxe e o ambiente.
- Maior mobilidade.

No que respecta á oferta:

- Desenvolvemento do turismo cultural para estimular empregos e ingresos.
- A consideración do turismo cultural como un produto de calidade no crecente mercado turístico.
- Aumento da oferta cultural polo maior desenvolvemento rexional.
- O nacemento de novas nacións ou rexións por amosar a súa identidade xenuína (como por exemplo os estados de Europa central e do leste recentemente independizados).
- A mellora no acceso á información sobre cultura e turismo a través das novas tecnoloxías.
- O desexo de proxectar unha imaxe externa das rexións ou nacións.
- A posibilidade de financiar o constante incremento da oferta cultural.

En definitiva parece recomendable, cando menos no marco internacional, que as políticas promovan o desenvolvemento da relación entre o sector cultural e o sector turístico, como elementos de dinamización económica e sociocultural das nacións, así como polo papel que poden desempeñar na posta en valor do patrimonio cultural destas, tal e como subliña a UNESCO (1998): «O patrimonio cultural constitúeno todos aqueles elementos culturais, tanxibles e intanxibles, que son herdados ou creados recentemente; é *un recurso turístico*, o que o transforma en argumento para recuperalo e protexelo, xa que é un factor de dinamización e potenciación do desenvolvemento local e rexional».

A preocupación pola sustentabilidade do turismo é cada vez maior. Xa en 1999 o Consello Internacional de Monumentos e Sitios Histórico-Artísticos, na súa duodécima asemblea xeral, da que xurdiu a Carta Internacional sobre Turismo Cultural, indicaba: «Os espazos patrimoniais e as culturas tradicionais constitúen atractivos turísticos no ámbito mundial, polo que turismo e preservación deben complementarse, xa que ambas as dúas actividades orientadas intelixentemente permiten protexer o acervo patrimonial e incluso producir os recursos necesarios para asegurar o seu mantemento».

Con todo, tal como se recoñece nesta Carta Internacional sobre Turismo Cultural, o turismo mal xestionado pode poñer en perigo a integridade do patrimonio natural e cultural e causar efectos non desexados. Entre os máis arriscados podemos salienta (Toselli, 2006):

- Deterioración da cultura do destino, a través da produción e venda de artesanías non auténticas ou do desenvolvemento de festas que constitúen unha posta en escena afastada da realidade.

- Sentimento de rexeitamento por parte das comunidades visitadas cando non se respectan os sitios e os costumes do lugar, ou ben de inhibición cando senten invadido o seu espazo vital.
- Mercantilización extrema das tradicións locais, despoxándoas do seu verdadeiro significado, convertendo a cultura local nun mero obxecto de consumo.
- Aparición dun mercado negro de bens de patrimonio artístico.
- Aculturación na poboación receptora, que adopta normas e patróns culturais a través do contacto cos turistas.

Por todo o anteriormente exposto, e co afán de implicar todos os axentes turísticos na difusión da conservación patrimonial, de buscar a conciliación entre esta preservación patrimonial e os intereses da propia industria turística para acadar un desenvolvemento sustentable entre ambos os dous e de impulsar plans e políticas culturais sensatas, esta Carta establece seis principios que cimentan as accións de protección da autenticidade e diversidade dos valores culturais dos pobos e que merecen ser expostos:

- 1.- Os programas para a protección e conservación do patrimonio natural e cultural deben facilitarlle á comunidade anfitroia e ao visitante a comprensión e o aprecio dos significados deste patrimonio, tendo en conta que o turismo nacional e internacional é un dos vehículos máis importantes no intercambio cultural.
- 2.- A interacción entre o patrimonio e o turismo está en constante cambio e pode xerar, ademais de vantaxes, situacións conflitivas, polo que os proxectos turísticos, as súas actividades e desenvolvemento deben conseguir resultados positivos e minimizar os impactos negativos.
- 3.- A planificación da conservación e do turismo nos sitios con patrimonio debe garantir que a experiencia do visitante paga a pena e lle sexa satisfactoria e agradable.
- 4.- As comunidades anfitroias deben involucrarse na planificación do turismo e da conservación do patrimonio.
- 5.- As actividades do turismo e da conservación do patrimonio deben beneficiar a comunidade anfitroia.
- 6.- Os programas de promoción do turismo deben protexer e enxalzar as características do patrimonio natural e cultural.

Neste mesmo sentido, a Comisión Europea no ano 2000 indicaba: «O turismo ben entendido pode contribuír ao desenvolvemento sustentable das zonas urbanas a través da mellora da competitividade das empresas, salvagardando en todo momento o contorno cultural».

Finalmente a OMT, en 2004, determina que as directrices para o desenvolvemento sustentable do turismo e as prácticas de xestión sustentable son aplicables a todas as formas de turismo en todos os tipos de destinos, incluídos o turismo de masas e os diversos segmentos turísticos. Os principios de sustentabilidade deben abordar os aspectos ambiental, económico e sociocultural do desenvolvemento turístico para acadar un equilibrio axeitado entre esas tres dimensións, que garanta a súa sustentabilidade a longo prazo. Entre as recomendacións fundamentais ditadas pola OMT, hai que salientar as seguintes:

- Uso óptimo dos recursos ambientais.
- Respecto á autenticidade sociocultural das comunidades anfitroias.
- Desenvolvemento de actividades económicas viables a longo prazo, que reporten a todos os axentes involucrados beneficios socioeconómicos ben distribuídos.
- Participación informada de todos os axentes relevantes.
- Seguimento constante dos impactos para a introdución das medidas preventivas ou correctivas pertinentes.
- Reportar un alto grao de satisfacción aos turistas que os faga máis conscientes dos problemas da sustentabilidade e fomite neles unhas prácticas turísticas sustentables.

Estas mesmas reflexións foron referendadas en decembro de 2007 pola Federación Mundial de Amigos dos Museos (FMAM) e o Consello Internacional de Museos (ICOM), na súa declaración a prol do turismo cultural sustentable.

Unha das claves que nos permite perfilar a figura do turista cultural é a achegada por Greg Richards cando analiza o turismo cultural a través do modo en que os visitantes consomen cultura, a través da súa actitude no seu sentido máis amplo, dende que deciden visitar un lugar ata a forma de comportarse cando chegan a el. Cunha tese absolutamente coincidente maniféstase Carlos Romero Moragas (2000) cando menciona: «Podemos considerar turista cultural aquela persoa cuxo principal motivo para visitar unha cidade é coñecer o seu patrimonio histórico (trama urbana, murallas, rúas, pazos, igrexas, museos, etc.), observar e participar nos costumes, idiosincrasias e modos de vida da poboación residente (mesturarse na rúa, parques, restaurantes, mercar nas súas tendas, beber nos seus bares), asistir a manifestacións de cultura tradicional (participar das festas, gastronomía e folclore, en xeral), presenciar representacións culturais contemporáneas (concertos, exposicións de arte e outros espectáculos)».

Segundo Bonet, existen dúas grandes tipoloxías de turista cultural:

- O estritamente cultural, que viaxa principalmente motivado por un impulso ou acontecemento cultural; caracterízase polo seu alto nivel de estudos e a súa capacidade para interpretar a manifestación visitada.
- O visitante a unha manifestación cultural concreta, como actividade complementaria doutra motivación turística. A gran maioría corresponde a esta tipoloxía.

Engádense a estas dúas tipoloxías unha terceira: o turista que busca unha experiencia creativa.

Cando falamos do perfil do turista cultural non podemos obviar o programa de investigación levado a cabo pola Asociación de Educación en Turismo e Ocio dende 1991 ata 2002, ano en que concluíu a última parte do estudo. O obxectivo fundamental da investigación era a obtención de respostas a cuestións esenciais sobre o comportamento dos turistas culturais e a aclaración de aspectos como a «mercadotecnia» e a xestión do turismo cultural, a través dunha mostra de 6000 turistas en 70 lugares de interese cultural e eventos culturais de Europa, Asia e Australia. Unha das conclusións máis salientables é que un 36% dos enquisados por ATLAS non eran turistas senón residentes da zona. Menos da terceira parte eran turistas estranxeiros, polo que se confirma que agás nalgúns lugares ou na celebración dalgúns eventos moi concretos, nos que a maioría dos visitantes veñen de fóra, o mercado nacional ten unha importancia vital no total do turismo cultural, tese xa confirmada por outros estudos internacionais. Desta investigación tamén resulta que non todos os visitantes dos lugares culturais teñen como motivación a cultura, só o 29% dos turistas enquisados se consideran turistas culturais.

Por xénero, segundo este estudo, as mulleres son as que máis visitas culturais realizan, un 55% de mulleres fronte a un 45% de homes. Por idade, e en contraposición á visión tradicional de turismo cultural, a xente nova representa un segmento moi importante do público total. Case o 40% dos visitantes teñen menos de 30 anos, coincidindo con outro estudo recente realizado pola AFIT (Axencia Francesa de Enxeñaría Turística) en Francia, no que se indicaba que o 40% dos visitantes de lugares de interese histórico tiñan menos de 35 anos. A estes resultados hai que engadir que, na análise sobre o mercado turístico xuvenil levada a cabo conxuntamente por ATLAS e o International Student Travel Confederation (ISTC), se indicaba que o descubrimento doutras culturas era a motivación prioritaria dos viaxeiros máis novos; este mercado xuvenil é moi significativo de cara á consolidación do seu comportamento turístico no futuro, así como na súa relación co consumo e a educación. A maior nivel educativo maior consumo cultural, polo que se establece unha relación directa entre o incremento do índice de educación superior e o crecemento do turismo cultural, que, por outra parte, tamén é practicado máis frecuentemente pola poboación que desempeña profesións urbanas ou que ten un maior nivel de ingresos. Entre un 20% e 30% dos enquisados (en España un 11%) son profesionais urbanos cun nivel de estudos e de gasto superior á media. Entre eles, segundo sinala Bonet, cabe distinguir:

- Coleccionistas de coñecementos (o 60% dos turistas culturais en España), prefiren aumentar a lista de lugares visitados que profundar neles (o chamado zapping turístico-cultural).
- Apaixonados culturais (o 25%), non só queren coñecer senón tamén comprender o lugar, o que os leva a repetir e realizar estadias máis longas. Trátase dun público esixente e fiel.
- Afeccionados culturais (15%), un perfil que se sitúa entre os dous primeiros e que amosa certos intereses predeterminados (música, arte, patrimonio, etc.).

3. O CONTEXTO DA INDUSTRIA TURÍSTICA

A Organización Mundial do Turismo e o Consello Mundial de Viaxes e Turismo (WTTC) declaraban xa hai máis dunha década que «a industria turística é a maior industria do mundo». O mesmo corroboraba, en 2000, a Wharton Economic Forecastin Association (WEFA), asociación de recoñecida autoridade mundial no que se refire ás previsións económicas. Na actualidade pódese ratificar que o turismo segue constituíndo un gran potencial de dinamización socioeconómica para o mundo, aínda que a delicada situación económica que se está a sufrir no ámbito internacional empezou a afectar no sector a partir do segundo semestre do ano 2008.

O período comprendido entre os anos 2004 e 2007 acadou cotas históricas de crecemento do sector turístico, cun +7% de media ao ano. Os datos recollidos polo *Barómetro OMT del Turismo Mundial* para 2007 así o constatan: as chegadas de turistas internacionais (903 millóns) superaron nun 6,6% as de 2006 e os ingresos xerados (625 millóns de euros) fixérono nun 5,6%. En 2008 mantívose esta tendencia positiva, pero máis suave, cun aumento dun 2% respecto ao ano 2007. Segundo a OMT, a previsión para este ano 2009 non é máis prometedora, pódese experimentar un estancamento (0%) e mesmo unha diminución (-1% e o -2%), prognóstico que afecta de xeito moi similar ao turismo interno.

España, cun 6,6% de cota de mercado, foi en 2007 o segundo país máis visitado do mundo, tras Francia, e seguido de cerca por Estados Unidos. Foi ese o ano en que se rexistraron as máximas históricas do sector turístico neste país: 59 millóns de turistas, cuns ingresos de máis de 42 000 millóns de euros e unha contribución ao PIB da economía española que superou os 100 000 millóns de euros. Mais a situación económica actual reflíctese nos mercados españois ao igual que no resto do mundo. En 2008, España recibiu 57,3 millóns de turistas, o que supón unha caída anual do 2,3%; porén, segundo os datos da *Enquisa de Gasto Turístico* (EGATUR), o gasto total realizado polos turistas estranxeiros foi de case 52 000 millóns de euros, un 0,8% máis que en 2007. Dentro do país, as comunidades autónomas de Cataluña, Baleares, Canarias, Andalucía, Comunidade Valenciana e Madrid absorben máis da metade dos visitantes.

A recesión nos países emisores do turismo a España xoga en contra da evolución do sector neste ano 2009, o máis probable é que os turistas elixan destinos máis próximos ao lugar de residencia. Con todo, o secretario de Estado de Turismo, Joan Mesquida, auguraba con certa prudencia, nunhas declaracións realizadas na Bolsa Internacional do Turismo de Berlín (ITB), niveis próximos aos de 2008 e incidía na necesidade da colaboración conxunta de todo o Estado, apostando polo apoio ás comunidades autónomas, que se viron obrigadas a reducir o seu investimento en turismo por mor do déficit orzamentario. Segundo Mesquida, co fin de suavizar o efecto negativo que a situación económica internacional causa no sector, o Goberno de España incrementará en 2009 o orzamento destinado ao turismo nun 109% e destinará, a través de Turespaña, 83 millóns de euros á promoción de mercados internacionais como o Xacobeo 2010, entre outros. Outras das medidas fundamentais é a que atinxe ás infraestruturas turísticas, nas que se investirán 420 millóns de euros.

Segundo Movementsos Turísticos sen Fronteiras (FRONTUR), ata maio de 2009 recibíronse en España 18,3 millóns de turistas, un 11,8% menos que no mesmo período de 2008, no que se alcanzou un máximo histórico nas chegadas de turistas procedentes do estranxeiro (20,8 millóns de turistas).

O volume de turistas por motivos culturais estase a incrementar nos últimos anos en España. Segundo Antonio Bernabé, director xeral de Turespaña, esta tipoloxía turística aumentou en preto dun 36% nos últimos tres anos (2006-2008), ao que hai que engadir que máis da metade do total de turistas que visitan este país (54,1%, en 2007 segundo o Ministerio de Cultura) afirma que durante a súa estada leva a cabo algunha actividade cultural. No ano 2007, un 7,7% do total das viaxes realizadas polos residentes en España eran motivadas por cuestións culturais e xeraron un ingresos superiores aos 6253 millóns de euros (512 e 141 de gasto medio por viaxe e por habitante respectivamente). Mención á parte merece o turismo idiomático, que se está a fraguar como unha variante de forte crecemento no sector, entre os anos 2001 e 2007 experimentou un aumento do 56%, tal e como subliña a Federación de Escolas de Español como Lingua Estranxeira (FEDELE). O mesmo sucede co chamado *city break* (estada curta en cidades, cunha duración aproximada de dous días), que se está a converter nunha opción de grande atractivo para o turista cultural, sobre todo pola súa accesibilidade económica.

Galicia recibiu en 2007 máis de 15 millóns de turistas, o que supón o 52% do total estimado de visitantes á comunidade autónoma (28 728 933); o 48% restante corresponde aos excursionistas. Dese global, máis da metade, un 52,7%, son residentes en Galicia, o 39,8% son do resto de España e un 7,5% do estranxeiro. Segundo estimacións realizadas polo Grupo de Análise e Modelización Económica da USC, o gasto total superou os cinco mil millóns de euros (5 557 072 644), dos que o 42,1% corresponde aos residentes en Galicia. Os españois que elixen a comunidade galega como destino turístico son os que máis gastan de media ao día, uns 79 euros, seguidos polos estranxeiros, que desembolsan uns 71 euros, e os residentes en Galicia, que non pasan dos 68 euros.

En relación co impacto do turismo sobre a economía galega, o Instituto de Estudos Turísticos (IET) de Galicia sinala que o peso do sector se aproxima o 7,2% do PIB e achega case 100 000 empregos relacionados coa actividade turística. Pola súa banda, a Alianza para a Excelencia Turística (EXCELTUR), no informe *IMPACTUR Galicia 2007*, revisa estes cálculos lixeiramente á alza. Segundo este traballo, o efecto directo do turismo na economía galega foi do 7,5% do PIB e deu emprego ao 6,8% dos traballadores galegos. Os efectos indirectos, que supón engadir aos cálculos as ramas de actividade que ofertan bens e servizos á industria turística, elevan o impacto ata o 10,9% do PIB. Outros indicadores desta mesma fonte amosan que noutras magnitudes macroeconómicas o turismo en Galicia ten unha relevancia moi grande. Segundo os cálculos de IMPACTUR, os efectos indirectos do turismo na economía rexional supoñen o 10,6% dos impostos recadados e o 6,7% do investimento (formación bruta de capital) total feito en Galicia no período de referencia. O emprego que xera a actividade turística directa e indirectamente supón 132 028 postos de traballo, o que significa o 10,3% do emprego total de Galicia.

Capítulo II

METODOLOGÍA

A seguir ofrecemos unha descrición metodolóxica das principais operacións estatísticas empregadas para a realización do presente traballo.

1. ESTADÍSTICA DO GASTO DOS NON RESIDENTES EN GALICIA

Obxectivos da investigación

O obxectivo básico da enquisa é coñecer o volume e a estrutura do gasto dos viaxeiros non residentes que fan noite en establecementos hoteleiros de Galicia. Así poderá coñecerse o impacto económico que supón este tipo de viaxeiros na economía galega. Ademais, posto que o informante último é o demandante do servizo, o viaxeiro, esta estatística vai ser utilizada para coñecer o seu perfil socio-demográfico, así como outras características xerais da viaxe.

Ámbito da investigación

Nesta estatística considérase como poboación obxecto de estudo o conxunto de viaxeiros non residentes que fan noite en establecementos hoteleiros de Galicia. O ámbito xeográfico desta estatística é todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A estatística deséñase con carácter continuo e periodicidade trimestral. As variables para analizar pódense agrupar en catro apartados diferenciados:

Gasto

Enténdese todo gasto de consumo efectuado por un viaxeiro ou por conta dun viaxeiro na súa estancia en Galicia. Esta variable intenta avaliar a dimensión e o impacto que supoñen para a economía galega os viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros de Galicia. Para o seu estudo, solicítase ao viaxeiro que cuantifique a cantidade de diñeiro gastada de media por persoa e día na súa estancia en Galicia.

Perfil socio-demográfico do viaxeiro

As variables incluídas neste apartado teñen como obxectivo coñecer as características sociodemográficas básicas dos viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros de Galicia:

- Sexo e idade.
- Estado civil.
- Nivel de estudos.
- Situación laboral.
- Lugar de residencia.

Características xerais da viaxe

Para analizar o comportamento dos viaxeiros obxecto de estudo na súa estancia en Galicia invéstiganse as seguintes variables:

- Motivo do desprazamento.
- Primeira visita a Galicia.
- Método de transporte.
- Duración prevista da estancia no establecemento.

Valoración da súa estancia en Galicia

Pídeselles aos viaxeiros que puntúen de 0 a 10 a valoración da súa estancia en Galicia.

Deseño metodolóxico

A principal dificultade existente no deseño metodolóxico da operación radica no descoñecemento da poboación obxectivo, que deriva no emprego de mecanismos deterministas de selección. Non obstante, para facilitar o procedemento, empregaranse técnicas de mostraxe probabilística nun ámbito que resulta non probabilístico.

Tipo de mostraxe

Dadas as especiais características deste estudo, partiuse dunha estratificación inicial da poboación de establecementos hoteleiros de Galicia en función da provincia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) e categoría destes (1 e 2, 3, 4 e 5 estrelas).

Recollida da información

As enquisas realizaranse mediante entrevista persoal aos viaxeiros non residentes dos establecementos hoteleiros de Galicia seleccionados.

2. FRONTUR

Obxectivos da investigación

O obxectivo desta enquisa é cuantificar mes a mes o número de entradas a España polas distintas vías de acceso. Estas caracterízanse segundo a súa tipoloxía e, mediante a enquisa, obtense outra información relativa ao aloxamento, motivo da viaxe, forma de organización, noites pasadas, idade e sexo dos visitantes. Así mesmo, a enquisa de FRONTUR será a encargada de proporcionar o universo de elevación da Enquisa de Gasto Turístico (EGATUR). A enquisa de FRONTUR é unha estatística que utiliza un sistema mixto para a obtención de resultados. Para iso utiliza tres tipos de información:

- Información administrativa, proporcionada por distintos organismos e empresas públicas responsables das distintas vías de acceso a España (Dirección Xeral de Tráfico, Aena, Portos do Estado e RENFE).
- Contaxes manuais de vehículos en pasos fronteirizos de estrada.
- Enquisas nas principais vías de acceso.

Ámbito de investigación

O ámbito xeográfico comprende 21 pasos fronteirizos por estrada, 26 aeroportos, 7 portos e 8 liñas férreas internacionais.

Recollida da información

A recollida da información realízase de dúas formas distintas:

- Información en papel. Nos aeroportos, trens e portos a información recóllese mediante a tarxeta para cubrir. Estas tarxetas posteriormente son gravadas a un sistema informático.

- Información mediante o uso do ordenador. Tanto as avaliacións como as enquisas realizadas en estrada efectúanse mediante ordenadores de man. Neste caso non é necesario realizar un segundo paso para a gravación da información.

O cuestionario recolle a seguinte información:

- Motivo da viaxe.
- Aloxamento utilizado.
- Número de noites que fixo en España.
- Paquete turístico: si, non.
- Idade.
- Sexo.
- País de residencia.

Os visitantes clasifícanse en varios colectivos en función de:

- Destino da súa viaxe.
- Noites feitas en España.

Deseño metodolóxico

Os resultados desta operación teñen un carácter censual, é dicir, proporcionan unha información do total de visitantes que cruzan as fronteiras españolas.

FRONTUR é unha estatística de carácter continuo e periodicidade mensual, na que o tamaño previsto anualmente da mostra comprende: 3,3 millóns de aforos manuais en estrada, 65 000 enquisas persoais en estradas, 250 000 enquisas para cubrir en aeroportos, 9500 enquisas para cubrir en trens e 25 000 enquisas para cubrir en portos.

En marzo de 2009 o Instituto de Estudos Turísticos publicou unha revisión dos datos de visitantes (turistas e excursionistas) que chegaron a España nos anos 2006, 2007 e 2008, de acordo coa nova metodoloxía de estimación que afecta ás estimacións dos datos de viaxeiros que acceden a España por porto e por estrada (autobuses). O resto das vías de acceso (aeroporto, tren e estrada vehículos lixeiros) non se ven afectadas por estes cambios.

3. FAMILITUR

Obxectivos da investigación

FAMILITUR é unha operación estatística que proporciona información comparable por comunidade autónoma sobre os movementos viaxeiros dos residentes en España. O obxectivo básico de FAMILITUR é proporcionar un instrumento de análise útil e rigoroso tanto ás distintas administracións turísticas, como ao sector privado e a especialistas do sector en xeral, para o estudo do comportamento turístico dos españois nas súas viaxes dentro de España e estranxeiro. O seu deseño, así como o tamaño da mostra da operación, permite xerar información estatística comparable por comunidades autónomas e a nivel nacional en relación con:

- A cuantificación dos fluxos de viaxeiros residentes en España entre as distintas CC.AA. e cara ao estranxeiro.
- A caracterización das viaxes realizadas en función daqueles aspectos máis relevantes destas, como son: o motivo, a duración, o tipo de aloxamento e o destino da viaxe, entre outros.

No ano 2005 introducíronse unha serie de melloras na estatística FAMILITUR que provocan unha inevitable discontinuidade, excluindo a pertinencia da súa comparación directa con anos anteriores e o cálculo de taxas de variación respecto doutros anos. Con todo, para restablecer a comparabilidade nas series históricas, o Instituto de Estudos Turísticos está estudando a posibilidade de realizar estimacións retrospectivas correctoras dos datos de anos anteriores.

Ámbito xeográfico

A estatística FAMILITUR cobre a actividade turística dos residentes na totalidade do territorio nacional mediante unha mostra de vivendas pertencentes a 1550 seccións censuais distribuídas de acordo cunha tipoloxía con criterios de estratificación precisos. Este tamaño de mostra permite a obtención de datos significativos a nivel de comunidade autónoma.

Tamaño da mostra

En cada unha das tres tomas o tamaño real da mostra é de 12 400 fogares, distribuídos entre 1550 seccións a razón de oito fogares por sección censual. O volume de cuestionarios procesados ao ano, xa sexa en formato papel ou ficheiro informático, obtido a partir das enquisas realizadas mediante entrevista telefónica asistida de ordenador alcanza os 49 600 cuestionarios.

A mostra para Galicia consiste en 728 fogares distribuídos en 91 seccións.

Recollida da información

A incorporación dun fogar ao panel realízase sempre mediante a entrevista persoal e a partir do cuestionario básico de captación, cuxos datos se recollen mediante o sistema CAPI (Computer Assisted Personal Interviewing).

O entrevistador visita os fogares e solicita a información necesaria para cubrir o cuestionario; realiza en cada fogar o número de visitas pertinente coa finalidade de recoller toda a información requirida. En caso necesario, refórzanse as entrevistas con chamadas telefónicas ata obter calquera dato omitido ou corrixir posibles datos erróneos.

Para tomas posteriores, o fogar panelista pode elixir a entrevista persoal ou telefónica mediante o sistema CATI (Computer Assisted Telephone Interviewing) como método de recollida da información.

4. ESTATÍSTICA DE TURISMO CULTURAL

Nesta área ofrécese información relativa tanto ás viaxes realizadas polos residentes en España como ás entradas de turistas estranxeiros que, segundo a opinión manifestada polos que realizaron as viaxes, foron iniciadas principalmente por motivos culturais. Con iso preténdese ofrecer un indicador da importancia do sector cultural como motor doutros sectores de gran significación económica como é o turístico. Preséntase información relativa ao número de viaxes e ao gasto total realizado, xunto con indicadores do seu peso no total de viaxes e naquelas realizadas por lecer, recreo ou vacacións. A información para os que residen en España desagregase por lugar de residencia dos viaxeiros, destino principal, sexo, grupo de idade, tipo de aloxamento utilizado, duración da estancia, tipo e forma de organización da viaxe, e para as entradas de turistas estranxeiros desagreganse por sexo, tipo de aloxamento utilizado e forma de organización da viaxe. A información anterior complementase con indicadores das viaxes en que se realizan actividades culturais, sexa cal for o motivo principal polo que se viaxa. Neste caso a información ofrécese tanto para as viaxes realizadas polos residentes en España como para as entradas de turistas estranxeiros. Para estes últimos, a información desagregase por lugar de residencia do turista, destino principal, sexo e grupo de idade, tipo de aloxamento principal utilizado e forma de organización da viaxe.

5. ESTIMACIÓNS ECONÓMICAS

Tal e como establece a Organización Mundial do Turismo e Nacións Unidas e aplica o INE para o caso de Conta Satélite do Turismo de España, os Estudos IMPACTUR calculan o impacto económico do turismo cunha perspectiva global dos efectos que o turismo ten sobre o conxunto de variables e decisións dos diversos axentes económicos dunha comunidade autónoma.

En función das propias especificidades da actividade turística, e do mesmo xeito que se realiza na maior parte dos estudos de impacto económico do turismo elaborados no mundo, tanto a nivel estatal polas distintas institucións estatísticas oficiais (contas satélites) como neste caso, o estudo *IMPACTUR Galicia 2007* calcúlase, en xeral, dende a perspectiva da demanda xa que, a diferenza doutras industrias tradicionais, na turística non se produce un só produto ou servizo homoxéneo, senón máis ben unha diversidade de produtos e servizos que son prestados non só aos turistas senón tamén á poboación residente.

A aproximación realizada para calcular o impacto do turismo na economía de Galicia supuxo a definición previa da estrutura conceptual e os cálculos conseguintes que a continuación se detallan.

Demanda turística

Este indicador está composto polo Consumo Turístico Interior, a Formación Bruta de Capital Turístico e o Consumo Colectivo das Administracións Públicas. Restándolle as correspondentes importacións, equivale ao PIB turístico. O PIB turístico procede da suma das seguintes magnitudes.

1. CONSUMO TURÍSTICO INTERIOR

Constitúe a partida máis importante para poder explicar o impacto socioeconómico do turismo en Galicia. Representa o valor dos bens e servizos consumidos directamente polos turistas tanto residentes como non residentes na comunidade, así como os demais gastos que repercuten ou benefician ao turismo ao ser un elemento imprescindible para o desenvolvemento da actividade. O consumo turístico desagregase pola súa vez nas seguintes partidas:

A.- CONSUMO TURÍSTICO INTERNO

Reflicte o consumo turístico realizado polos diversos axentes residentes en Galicia (fogares, empresas e administracións públicas) e está formado polos seguintes tres conceptos:

- Consumo final dos fogares residentes en Galicia. Recolle o gasto turístico realizado pola poboación residente en Galicia durante as súas viaxes e excursións turísticas en España e no estranxeiro tanto en servizos turísticos tradicionais (aloxamento, restauración, transporte, lecer, etc.) como en bens (vestido e calzado, equipamento do fogar de segundas residencias, etc.).

- Gasto en viaxes de negocio fóra da súa contorna habitual realizado tanto polas empresas como polas administracións públicas residentes. Inclúe o importe dos bens e servizos consumidos polas empresas e os diversos niveis de administracións públicas de Galicia durante as súas viaxes profesionais dentro da comunidade autónoma. En termos de contabilidade nacional trátase de consumos intermedios nos que han de incorrer axentes públicos e privados para o desempeño da súa actividade, polo que, aínda que se calcularon para o caso de Galicia, se eliminaron do cálculo do seu PIB turístico, para seguir as mesmas pautas e metodoloxía que aplica o INE na súa realización da Conta Satélite do Turismo Español.

- Consumo individual das administracións públicas. Incorpora os gastos en servizos e equipamentos culturais (museos, monumentos), recreativos (parques naturais) ou persoais (servizos médicos) nos que incorren as administracións públicas de Galicia para a satisfacción das necesidades dos visitantes turísticos a territorio galego e que poden ser individualizables.

B.- CONSUMO TURÍSTICO RECEPTOR

Formado polo consumo dos nacionais non residentes en Galicia e o consumo dos turistas estranxeiros. Estes dous conceptos recollen o total do gasto en bens e servizos que realizan tanto os turistas españois non residentes en Galicia como os estranxeiros que viaxan á comunidade autónoma.

2. OUTROS COMPOÑENTES DA DEMANDA

O impacto do turismo sobre unha economía non se limita en exclusiva ao consumo turístico que realizan residentes e non residentes durante os seus desprazamentos turísticos. Existe un conxunto de gastos e investimentos que realmente só se xustifican pola súa finalidade turística e que se han de ter igualmente en conta na medida en que responden ás necesidades dos turistas, débense contabilizar os seus efectos multiplicadores tamén pola vía da demanda. A súa inclusión permite falar dun concepto máis amplo: o de demanda turística, tal como así o recoñece e calcula tamén o INE na Conta Satélite do Turismo Español. Estes compoñentes incorporados para o cálculo de *IMPACTUR Galicia 2007* son:

Formación bruta de capital (investimento). Inclúe todos aqueles recursos destinados polas unidades produtoras para a adquisición (descontadas as cesións) de activos fixos (equipos, maquinaria, edificacións, etc.) que teñen unha incidencia na prestación de servizos aos turistas (ou provisión de bens) consumidos por eles.

Consumo colectivo das administracións públicas. Trátase do conxunto de gastos realizados polas administracións públicas de Galicia para o desenvolvemento turístico da comunidade autónoma e cuxo consumo é dificilmente individualizable. Neste apartado introdúcense, por exemplo e entre outros, os gastos en promoción turística ou para atender a seguridade das zonas turísticas.

Impactos directos fronte impactos indirectos

A través da utilización da táboa input-output de Galicia e unha vez coñecidos os diferentes compoñentes da demanda agregada que permite calcular o PIB xerado polo turismo en Galicia, diferenciáronse neste estudo *IMPACTUR Galicia 2007* tanto os efectos directos e o emprego xerado directamente sobre as empresas relacionadas coa actividade turística, como o conxunto de efectos multiplicadores (efectos indirectos) sobre o resto do tecido produtivo galego. Estes últimos impactos indirectos derívanse do efecto arrastre que exerce o turismo sobre a compra de bens e servizos doutras empresas non directamente relacionadas coa demanda turística, pero provedoras daquelas que si están directamente vinculadas co turismo. Incorpórase tamén, pola súa vez, un cálculo dos soldos e salarios: remuneración de asalariados en termos de contabilidade nacional, así como dos beneficios empresariais (o excedente bruto de explotación) e as subvencións outorgadas ao sector turístico. Así mesmo, realizouse un cálculo dos impostos recadados e derivados do emprego vinculado ao sector turístico da comunidade autónoma, así como dos impostos tributados polas diversas empresas turísticas localizadas en Galicia.

Capítulo III

TURISMO NACIONAL

Neste capítulo faremos unha descrición dos movementos turísticos dos residentes en España que visitan Galicia por motivos culturais, así como o turismo cultural dos galegos no propio territorio (turismo en destino). Completaremos a información cunha achega aos datos do turismo cultural dos galegos en España e no estranxeiro (turismo en orixe).

1. TURISMO EN DESTINO

Galicia estase a converter nos últimos anos nunha comunidade cada vez máis atractiva para os visitantes, de igual xeito que os galegos veñen amosando un interese crecente polo hábito de viaxar, tanto no que se refire á actividade turística en xeral como ao turismo motivado por cuestións principalmente culturais. Así, se no ano 2002 o turismo cultural achegaba ata a nosa comunidade a máis de 276 000 persoas do resto de España, no 2006 foron máis do dobre os que elixiron Galicia como destino por motivos culturais, 645 300 visitantes; malia que en 2006 se realizou un cambio metodolóxico na enquisa sobre movementos turísticos dos españois, é obvio que podemos falar dunha firme tendencia á alza.

O interese cultural pola comunidade autónoma galega atraeu no ano 2008 máis de medio millón de persoas residentes en España, o que supuxo un crecemento respecto ao ano anterior dun 5,2%. Este dato sitúase en niveis moi similares aos de 2004, ano en que a celebración do Ano Santo Compostelán achegou un valor engadido ao atractivo cultural galego. Se collemos como referencia os movementos turísticos dos últimos cinco anos, curiosamente é o ano 2006 o que dá as cifras máis positivas. A excepción destes dous anos (2004 e 2006), en 2008 acadáronse valores máis altos que no resto da serie temporal que estamos a describir. O turismo cultural interno supuxo en 2008 o 6,4% do total de viaxes de residentes en España con destino Galicia (incluíndo visitas profesionais e familiares) e o 15,9% dos que declararon vir por «ocio, recreo ou vacacións».


O mesmo sucede cos datos relativos ás noites feitas, aínda que en 2008 case se chegou aos 3 millóns e superouse, dese xeito, en máis dun 10% ás de 2007, de novo 2004 e 2006 se desmarcan e superan dabondo esta cifra. Hai que salientar que desas case 3 millóns de noites feitas, 1 082 429 corresponden a aloxamento non hoteleiro. O turismo cultural supón o 6,9% das noites feitas totais, o que significa que os turistas culturais realizan unhas estadias sensiblemente máis longas que o total de visitantes.

Porén, a estadía media das persoas que visitaron Galicia en 2008 por motivos culturais foi de 5,3 días. A diferenza das estadias medias dos turistas culturais con respecto do total de visitantes é moi importante, dado que a media total se sitúa en 4,9 días en 2008. É dicir, os turistas culturais pasan máis tempo en Galicia que o conxunto de turistas.

Cando analizamos os datos por comunidades autónomas (a información máis recente é a relativa a 2007), observamos que os estremeños son os que máis tempo permaneceron en Galicia en 2007, cunha estadía media de case 13 días, seguidos polos canarios e aragoneses con 10 días. Os que menos, os cántabros, cunha media de 3 xornadas; tras eles os asturianos e casteláns-manchegos, con 4,1 días en ambos os dous casos.

Os galegos que fan turismo cultural na súa comunidade tamén se atopan entre os cidadáns que menos tempo pasan en Galicia, cunha media igual á dos cántabros.

Se analizamos os datos das viaxes culturais realizadas por Galicia ao longo do 2008, a través da duración da estadía dos visitantes na comunidade galega, comprobamos que o número de viaxes cunha estancia curta (entre 1



e 3 noites) e longa (de 4 a 7 noites) son moi similares, 271 903 e 278 188 respectivamente. Obviamente, sucede todo o contrario cando estudamos as noites feitas tendo en conta a duración da estancia dos visitantes; cantos máis días pasan na comunidade o número de noites aumenta. Deste xeito, danse 599 562 noites nas estadias de 1 a 3 días fronte ás 2 318 717 naquelas que os visitantes permanecen entre 4 e 7 noites. Hai que salientar que o crecemento das noites feitas nas viaxes de longa duración experimentou un crecemento do 74,15% respecto ao 2007, no que a cifra de noites segundo a estadía dos viaxeiros non chegaba ás 600 000.

Outra das variables consideradas neste estudo é a do estado civil dos viaxeiros. Podemos destacar que sobre o total das viaxes realizadas por casados e solteiros, o 59,3% corresponde aos primeiros con algo máis de 300 000 viaxes fronte ás pouco máis de 200 000 dos segundos, unha significativa diferenza que se acentúa notablemente cando falamos de noites feitas. Mentres os solteiros realizaron un total de 996 932, os casados superaron o millón e medio, o que supón un 62,9% deste global. Ao introducir outros estados civís, como viúvos, separados, divorciados ou parellas de feito os datos suavízanse no relativo á estancia media nas viaxes. Nestes casos, os viúvos son os que máis días de media permanecen en Galicia, cun 8,1, seguidos dos divorciados, cun 6,2. Os casados e os separados coinciden nun 5,5, seguidos de preto polos solteiros, cun 4,8. Por último, os que menos tempo están na comunidade autónoma galega son as parellas de feito, cunha media de 2,7 días.

O nivel de estudos inflúe na estadía media dos viaxeiros que optan por Galicia como destino turístico cultural, así, os que cursaron estudos superiores son os que pasan máis tempo na comunidade autónoma, cunha media de 7,2 días. Tras eles os estudantes de primeiro ciclo, con 6 días. As persoas sen estudos rozan os 5 días de estancia, mentres que os que só cursaron estudos primarios dan a cifra máis baixa, con 4,2 días de media de permanencia.

Se nos fixamos no tipo de ocupación dos visitantes podemos comprobar que aqueles que traballan nos corpos legislativos ou nos cadros de dirección da función pública e das empresas acostuman permanecer unha media de 9 días en Galicia, seguidos polos técnicos e profesionais de apoio con 7,9 días e das forzas armadas con 6,6 días. Os que antes regresan son os artesáns e obreiros dos oficios, cuxa estancia non chega aos 3 días. Os datos son moi claros cando tratamos a situación laboral dos viaxeiros. A poboación activa é de xeito notorio a que máis noites fai e a que máis viaxa, con 303 650 viaxes realizadas en 2008 fronte ás 176 477 da poboación non activa; diferenza sostida invariablemente en toda a serie temporal. Con todo, as cifras iguálanse cando falamos de estancia, sendo a media de 5,4 días en ambos os dous casos.

Se temos en conta o xénero dos viaxeiros, en xeral podemos dicir que as mulleres fan máis turismo cultural en Galicia que os homes, pasan máis noites e a súa estadía é máis longa ca deles. Deténdonos máis polo miúdo na serie temporal descrita neste estudo (2001-2008), apreciamos que esta tendencia é unha constante ao longo de toda a serie, tanto no número de viaxes como nas noites pasadas en destino. En relación á estadía houbo lixeiras variacións nos anos 2004, 2005, 2006 e 2007, nos que os homes superan levemente ás mulleres en número de días de estadía en Galicia.

2. TURISMO EN ORIXE

Os datos referidos aos movementos turísticos dos viaxeiros/-as residentes en Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural reflicten o comportamento turístico dos galegos e galegas nas súas viaxes dentro de España e cara ao estranxeiro. A actividade turística que se estuda enténdese en sentido amplo, sen limitarse ao estudo do comportamento estritamente vacacional, senón máis ben ao longo de todo o ano. Os galegos acostuman viaxar cada vez máis por razóns fundamentalmente culturais, en 2006 case seiscentas mil persoas viaxaron por este motivo, o que supón un 16,5% con respecto ao total das viaxes turísticas realizadas.

FAMILITUR considera *viaxe* o desprazamento dunha persoa con polo menos unha noite feita fóra do seu contorno habitual, nunca superior aos 12 meses. Tendo en conta esta definición, cómpre salientar os seguintes datos referidos ao número de viaxes realizadas polos viaxeiros/-as residentes en Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural no período 2001-2007:


1. Dáse un aumento progresivo do número de viaxes dende o ano 2001 ao 2007, de tal xeito que o número de viaxes que se realizan en 2007 supón un incremento dun 202% con respecto a 2001. Neste período a variación interanual máis importante prodúcese no ano 2004.
2. En xeral fanse máis viaxes de curta duración (de 1 a 3 días) que de longa duración (4 días ou máis).
3. Por xéneros, cómpre salientar que as galegas fan máis viaxes de turismo cultural ca os galegos. Concretamente, é de salientar o feito de que no ano 2007 o número de viaxes de turismo cultural realizadas polas galegas é un 23,8% superior ás feitas polos galegos.
4. Por situación laboral, como é previsible, os activos viaxan máis ca os non activos. Concretamente no ano 2007, a porcentaxe de galegos e galegas en situación laboral activa que fixeron viaxes de turismo cultural é dun 58,1% superior aos que se atopan nunha situación laboral de non activos.

Por outra banda, considérase unha noite feita cada unha das noites que un viaxeiro permanece ou está rexistrado nun establecemento de aloxamento colectivo ou nun aloxamento turístico privado, sendo necesaria a súa presenza física. Así, dos datos que dispoñemos de FAMILITUR, despréndese que no tocante ao número de noites feitas, a evolución que segue nas viaxes de turismo cultural realizadas polos galegos é igualmente ascendente, e dobra case o número de noites no ano 2007 con respecto ao 2001.

Por último, defínese estancia media como o número medio de noites feitas por cada viaxe. Con respecto a esta variable hai máis datos dispoñibles. En xeral, pódese dicir que a estancia media redúcese case á metade e pasa de 8 días en 2001 a 4,9 en 2007. A explicación disto pode ser que ao aumentar o número de viaxes pódese reducir a estancia de cada unha delas.

Por outra banda, é salientable o feito de que a estancia media dos turistas galegos increméntase máis no estranxeiro, concretamente en América. Así, en 2001 a estancia media dos turistas galegos en 2001 neste

continente era de 9,6 días e incrementouse ata 23,2 en 2006. Porén no ano 2007 a estancia media en América descende ata 11,7 días. Con respecto ao turismo interior, conséntase que, así como en 2001 os turistas galegos permanecían en Galicia 14,3 días, este tipo de turismo cultural sufriu un descenso notable ata unha media de 3 días de estancia media en 2007. Pola contra a estancia media dos turistas galegos na comunidade autónoma das Illas Canarias experimentou unha evolución ascendente, pasa de 6,5 días de estancia media en 2001 a 11 días en 2007.



Viaxes realizadas con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural.
Anos 2001-2007. Fonte: FAMILITUR

Capítulo IV

TURISMO INTERNACIONAL

Neste capítulo faremos unha descrición do comportamento dos turistas internacionais que veñen a Galicia principalmente por motivos culturais. Para isto utilizaremos os datos proporcionados por tres fontes estatísticas distintas. FRONTUR, que é a operación principal, permite coñecer os datos sobre o total de turistas e excursionistas que tiveron como destino principal Galicia. Completaremos esta información cunha explotación específica da Enquisa de gasto dos non residentes (IGE) e unha achega á enquisa de Turismo cultural do Ministerio de Cultura.

A estatística FRONTUR permítenos coñecer o número de viaxeiros que atravesan as fronteiras españolas e a súa caracterización baseándose en determinadas variables de clasificación que abranguen peculiaridades e comportamentos turísticos dos visitantes internacionais. No caso concreto de Galicia como destino, observamos que dos 934 820 turistas e dos 4 592 017 excursionistas que chegaron a esta comunidade ao longo do ano 2008, 493 738 fixérono por motivos estritamente culturais. Deste case medio millón de viaxeiros internacionais atraídos pola cultura galega (máis do dobre que en 2007), un 34,7% corresponde a turistas e un 65,3% a excursionistas. Dende 2001, é a primeira vez que os visitantes por motivos culturais sobordan os 400 000 visitantes, aínda que 2005 e 2006 estiveron preto desta cifra, con 373 473 e 393 019 viaxeiros respectivamente.


Como podemos apreciar na gráfica que mostra a evolución temporal dos últimos anos, hai unha forte tendencia ao crecemento. É moi interesante ver como ata 2006 os turistas foron gañando peso fronte aos excursionistas, o cal debe entenderse como un dato moi positivo. A baixada pronunciada de 2007 e o incremento de 2008 é de difícil análise, sobre todo tendo en conta que non foi un ano negativo para o conxunto do turismo.

Ao achegarnos aos datos tendo en conta o país de orixe, comprobamos que o groso dos que entran en Galicia provén de Portugal, país que chega a constituír o 81,5% do total dos visitantes por motivos culturais (402 599), dos que un 73,9% son excursionistas. A moita distancia atópanse os procedentes do continente americano, cun total de 35 819, seguidos polos dos Países Baixos (16 177) e Francia (14 116).

A meirande parte dos visitantes, concretamente 322 499 (un 80,1% do total), non se aloxan na comunidade autónoma galega, coincidindo esta cifra co número de excursionistas que se achegan a territorio galego. Un 30,6% utilizan aloxamento hoteleiro e un 6,3% outro tipo de hospedaxe. Os datos de aloxamento por país de orixe amosan claramente que, en proporción, os que veñen a Galicia dende América e Países Baixos son os que se aloxan maioritariamente en hoteis ou similar, cun 92% e un 85% respectivamente. Porén, Portugal, a pesar de liderar con notable diferenza respecto ao resto de países o fluxo de viaxeiros culturais á nosa comunidade, é a colectividade que utiliza menos o servizo de aloxamento; así en 2008 un 73,9% dos portugueses non se hospedaron en Galicia, un 24,6 % aloxáronse en hoteis ou similar e un 1,4% utilizaron aloxamento non hoteleiro.

Por outra banda, se comparamos o datos de aloxamento dos últimos catro anos, apreciamos que 2008 se sitúa como o ano en que a hospedaxe en hoteis ou similar foi menor, só o 30,6%, fronte ao 78,6% en 2005, o 74,5% en 2006 e o 66,4% en 2007. Esta valoración constátanse ao visualizar os datos dos visitantes que non se aloxan; en 2008 non o fixeron o 65,3% do total, contra o 19,9% do 2005, o 24,3% do 2006 e o 30,3% do 2007.


O xénero é unha variable con certa influencia na modalidade de viaxeiro cultural. Así, aínda que en xeral o número de homes que realizan viaxes culturais a Galicia supera o de mulleres, cando nos detemos no xeito de viaxar, vemos que esta tendencia varía dependendo de se o consideramos turista ou excursionista, xa que as mulleres despuntan levemente sobre os homes no primeiro caso (máis de 84 000 mulleres e 81 255 homes) e os homes no segundo caso (174 287 fronte a 146 829).



Número total de viaxeiros (turistas e excursionistas) internacionais que chegaron a Galicia principalmente por motivos culturais. Fonte: FRONTUR

Analizando os datos de FRONTUR por noites feitas, é dicir, por cada unha das noites que un viaxeiro permanece ou está rexistrado nun establecemento de aloxamento colectivo ou nun aloxamento turístico, cómpre salientar que en total o número de noites dos viaxeiros estranxeiros experimenta un notable ascenso, aínda que segue a ser maior o número de viaxeiros que non fixeron ningunha noite. A maioría dos turistas estranxeiros que pasaron a noite fixérono por unha, dúas ou tres noites.

Outra variable interesante é a da idade. Segundo os datos de FRONTUR, os turistas estranxeiros que máis visitan Galicia por motivos culturais son os que teñen entre 45 e 64 anos, seguidos dos turistas de entre 25 e 44 anos. En todos os treitos de idade dispoñibles, son os portugueses os que suman o maior número de turistas. Chama a atención o feito de que en 2008 a cifra de turistas estranxeiros maiores de 64 anos diminuíu nun 22,3%, mentres que nos demais treitos de idade aumentou esta porcentaxe, especialmente entre os máis novos, de 15 a 24 anos, onde se triplicou a cifra de turistas estranxeiros a Galicia con respecto ao ano anterior. Outro dato que chama a atención é que, entre os turistas de entre 25 e 44 anos, os alemáns son os segundos máis numerosos, precedidos polos portugueses. Isto é rechamante porque nos demais treitos de idade son os franceses os que ocupan o segundo




Número total de viaxeiros (turistas e excursionistas) internacionais que chegaron a Galicia, por país de orixe. Ano 2008

lugar, despois dos portugueses. Comparativamente, o turista cultural procedente do estranxeiro ten unha idade sensiblemente superior ao conxunto de turistas que visitaron España, o que podería interpretarse como positivo, dada a maior capacidade de gasto deste colectivo.

A variable de chegada de turistas estranxeiros con ou sen paquete turístico enténdese como unha viaxe que inclúe, ademais do aloxamento e desprazamento, un conxunto de servizos que se vende por un prezo global. No que atinxe aos datos de FRONTUR relativos a esta variable, son moitos máis os turistas estranxeiros que chegan a Galicia con paquete turístico (concretamente un 70,1% máis) que os que se achegan sen este tipo de servizo. Destacan sobre todo os portugueses, que acaparan o 71,1% dos clasificados na categoría dos que chegan a Galicia con paquete turístico. Porén, esta modalidade de viaxe sufriu un considerable descenso con respecto a anos anteriores, dende 2005.

Tal e como puidemos ver na metodoloxía referida á enquisa de Turismo cultural do Ministerio de Cultura, podemos ofrecer datos sobre os turistas estranxeiros que, independentemente do motivo da súa visita, realizan actividades culturais. Como vimos na definición do turista cultural, este tipo de turista obedece a unha caracterización menos restritiva. Como é fácil de intuír, a meirande parte dos turistas estranxeiros realizan actividades culturais. Entre 2005 e 2007, 2 506 500 dos turistas estranxeiros que viñeron a Galicia realizaron algún tipo de actividade cultural, o cal é un indicador máis da interdependencia do ámbito cultural e do turístico. Esa cifra supón aproximadamente o 70% dos turistas que nos visitaron.

Se analizamos as series históricas das que dispoñemos, podemos observar unha lixeira tendencia á baixa no nivel de participación cultural.



Entradas de turistas estranxeiros en Galicia que realizan actividades culturais.
 Fonte: Turismo Cultural. Ministerio de Cultura

Aínda que as variacións son pequenas, haberá que mirar cara ao futuro se se consolida esta tendencia. En calquera caso, e tal e como se pode ver nas táboas dos anexos, os turistas que realizan actividades culturais gastaron no mesmo período case 2000 millóns de euros en Galicia, o que supón máis das tres cuartas partes do total do gasto do turismo internacional. Ademais disto, o turista que realiza actividades culturais gasta proporcionalmente bastante máis en cada viaxe, en 2007 esta contía ascendeu a 882 euros por turista, fronte aos 794 de media xeral.

Capítulo V

**TURISMO CULTURAL DOS NON RESIDENTES
REXISTRADOS EN ESTABLECEMENTOS HOTE-
LEIROS GALEGOS DE 3, 4, e 5 ESTRELAS**

O Instituto Galego de Estatística (IGE) realiza anualmente a Estatística do gasto dos non residentes en Galicia. Segundo o IGE, o obxectivo básico da enquisa é coñecer o volume e a estrutura do gasto dos viaxeiros non residentes que fan noite en establecementos hoteleiros de Galicia e así calcular o impacto económico que supón este tipo de viaxeiros na economía galega. De feito, a información obtida desta enquisa utilízase nas contas da comunidade autónoma. Os datos facilitados polo IGE sobre o turismo en Galicia céntranse no número de viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro, así como no gasto que realizan na súa estada. Para a elaboración deste capítulo, decidimos facer unha explotación específica da operación cunha selección dos suxeitos cuxas motivacións principais á hora de programar a súa viaxe foron «Coñecer o medio natural e paisaxes» e «Coñecer a cultura e costumes». A análise que sobre esta información realizamos a continuación cinguese a este universo concreto, tendo en conta ademais a comparativa temporal entre os anos 2003 e 2008.


1. MOVEMENTO TURÍSTICO

Podemos observar que, tras o considerable aumento da afluencia turística de viaxeiros españois no ano 2004, motivado pola celebración do Ano Santo Compostelán, no que se sobordou o medio millón de viaxeiros, comezou unha baixada paulatina destes cunha lixeira alza en 2008, que situou a Galicia en valores próximos aos catrocentos mil viaxeiros. Segundo esta fonte, o 11% dos visitantes en 2008 viñeron para coñecer a nosa cultura ou medio. Se analizamos a serie da proporción de turistas culturais sobre o total, vemos unha tendencia en descenso dende 2004 e un repunte no último. O efecto arrastre dos anos en que se celebra o Xacobeo podería ter como consecuencia a elevación da proporción en series máis longas, tal e como observaremos nos datos de peregrinos.

As provincias de Pontevedra e A Coruña son as preferidas, con diferenza, polos viaxeiros; entre ambas as dúas reúnen o 84,2% do total destes. Por sexos, as mulleres son as que máis viaxan, aínda que a distancia ante os homes non é moi significativa. 2003 foi o único ano da serie estudada no que eles as superan.

A idade inflúe indiscutiblemente na decisión de viaxar a Galicia polos motivos sinalados con anterioridade, xustamente en 2008 a poboación comprendida entre os 29 e 40 anos foi a que máis viaxou. Non sucedeu exactamente o mesmo ao longo da serie; así, podemos comprobar que durante a celebración do Xacobeo 2004 as persoas de entre 41 e 50 anos e as de entre 51 e 65 anos superaron ás outras franxas de idade con 173 689 e 121 023 viaxeiros respectivamente; unha situación que se volveu dar no ano 2005, posiblemente pola propia inercia desta conmemoración relixiosa. O 2008 uniformiza dalgún xeito a poboación cuxa idade se estende dende os 41 aos 65, cun aumento xeral de viaxeiros moi positivo neste segmento da poboación respecto aos anos 2006 e 2007.

O 70,6% dos turistas españois que chegaron a Galicia en 2008 polos motivos estudados neste apartado están casados, os solteiros só representan o 24,6% do total. Se temos en conta o nivel de estudos, a diferenza dispárase; os viaxeiros con estudos superiores son máis do triplo que os de estudos primarios ou sen estudos, 206 819 fronte a 59 041. O 2005 foi o único ano en que, curiosamente, a xente con estudos secundarios avantaxou ao resto. Tamén a situación laboral marca diferenzas no número de viaxeiros; máis da metade, un 54,9%, dos que chegan a Galicia son



Proporción de visitantes que veñen a Galicia para coñecer a cultura ou o medio en función do total.
 FONTE: Gasto dos non residentes

asalariados do sector privado; a bastante distancia destes sitúanse os asalariados do sector público e os autónomos. Os estudantes ocupan a última posición en toda a serie temporal.

A comunidade autónoma galega é a preferida dos madrileños e andaluces, cun 19,9% e 17,2% do total. Superan os trinta mil viaxeiros as comunidades de Castela e León, Valencia e o País Vasco, e roldan todos eles o 9% do total. Os que menos veñen a Galicia son, por orde descendente, os de Ceuta e Melilla, A Ríoxa, Cantabria, Aragón e Navarra, ningunha destas comunidades supera os seis mil turistas.

Máis da metade de turistas, un 52%, xa visitou Galicia noutras ocasións, o resto fíxoo por primeira vez. A meirande parte dos viaxeiros utiliza o seu vehículo propio como medio de transporte para vir ata a comunidade, un 69%; un 20,8% usa o avión e só un 7,3% utiliza o autocar. Dende o ano 2005 ao 2008 a estadía media dos turistas superou os 2 días, e en toda a serie temporal a satisfacción dos viaxeiros sobre o seu paso por Galicia superou sempre os 8 puntos (nunha valoración que abrangue de 0 a 10).

No que respecta aos viaxeiros estranxeiros, foron algo máis de 120 000 os que se interesaron por Galicia dende o punto de vista cultural ou natural e se hospedaron en hoteis de máis de tres estrelas en 2008, cifra que só foi superada nos anos 2004 e 2007. A meirande parte deles, como sucedía cos turistas españois, séntense máis atraídos pola Coruña (66%) e Pontevedra (22,6%), mais nesta ocasión hai que salientar que a diferenza porcentual entre ambas as dúas provincias supera os 43 puntos mentres que no caso do turismo español non chegaba aos 15 puntos.

Por primeira vez, en 2008, o número de mulleres estranxeiras que viaxaron ata Galicia foi superior ao de homes, 66 491 fronte 56 523. Tamén se aprecian diferenzas respecto ao turismo español cando observamos a idade dos viaxeiros de fóra de España. Neste caso os estranxeiros cuxa idade está comprendida entre os 51 e os 61 anos constitúen o 43,3% do total que se achegou ata Galicia en 2008; e así sucedeu durante toda a serie temporal, a excepción do ano 2004, no que foron superados pola franxa de idade inmediatamente anterior, de 41 a 50 anos. Outro dos contrastes que observamos entre viaxeiros españois e estranxeiros en relación coa idade dáse nos máis maiores, que ano tras ano e de xeito constante superan aos menores de 28 anos.

Novamente os casados e os que posúen un nivel de estudos superior son os que máis viaxan, cun 68,4% e un 69,1% respectivamente sobre o total de viaxeiros. A situación laboral apunta na mesma dirección que o facía o turismo español non residente, sendo os asalariados da empresa privada os que se achegaron a Galicia en maior

medida, un 47,3% dos viaxeiros atópase nesta situación laboral; novamente os estudantes son os que menos viaxes destas características realizaron.

Dos máis de 123 000 viaxeiros estranxeiros que chegaron en 2008 a Galicia e se hospedaron en hoteis de máis de tres estrelas, Reino Unido e Portugal son os países que procuraron o maior número de turistas, 30 222 e 23 651 respectivamente. Do continente americano chegaron 26 897 viaxeiros, sendo os franceses, cun 5,6%, os que viñeron en menor medida.


Ao contrario do que sucedía cos viaxeiros españois, en toda a serie temporal estudada, a meirande parte dos turistas estranxeiros era a primeira vez que visitaba Galicia nunha porcentaxe similar á de 2008, ano en que para o 71,2% foi a primeira visita, e no que ademais se acadou a maior estadía media, superándose por primeira vez os 2 días. Porén, a valoración dos viaxeiros estranxeiros este ano foi a máis baixa dende o ano 2003, un 8,02, aínda que en ningún caso se baixou do notable alto.

2. GASTO DO TURISMO

Os datos relativos á variable de gasto refírense ao gasto de consumo realizado por un viaxeiro na súa estancia en establecementos de 3 ou máis estrelas en Galicia. O gasto cultural está comprendido dentro da partida denominada ocio, na que se inclúen gastos efectuados, entre outras cousas, en actividades culturais e en entradas a distintos eventos.

A variable de gasto é analizada a través das estimacións do gasto total e do gasto medio diario por persoa.

Con respecto ao gasto total dos viaxeiros que chegaron a Galicia, tanto dos procedentes das demais comunidades autónomas como dos estranxeiros, cómpre salientar que se experimenta un incremento progresivo dende o ano 2003 ao 2008, se ben é certo que no ano 2006 se produce un descenso dun 16,4% no gasto dos viaxeiros españois respecto ao ano anterior. No caso dos estranxeiros sucede algo similar no ano 2005, cunha baixada dun 25,4% respecto ao 2004. O gasto total dos viaxeiros que viñeron a Galicia en 2008 polos motivos que estamos a analizar ascendeu a 218 751 300 euros, o cal supón o 35,6% do gasto total.



Comparación da evolución do gasto total co dos visitantes que veñen a Galicia para coñecer a súa cultura ou medio. FONTE: Gasto dos non residentes

Por provincias, A Coruña é a que rexistrou o maior gasto de turistas procedentes doutras comunidades autónomas en toda a serie temporal, aínda que con variacións bastante importantes segundo os anos. Así, por exemplo, no ano 2004, coincidindo coa celebración do Ano Santo Compostelán, o incremento de gasto con respecto ao ano anterior foi dun 67,9%. Porén, nos tres anos seguintes producíronse descenso progresivos nesta provincia ata chegar en 2007 ao 20,1%, cifra incluso inferior á de 2003. Pola contra, en 2008 dobrouse este valor porcentual. A segunda provincia que rexistra maior gasto dos turistas españois é Pontevedra, onde se produce un aumento progresivo dende 2003 a 2008, agás no ano 2006, en que a cifra diminuíu un 19,6% con respecto ao ano anterior.

A provincia de Lugo é a que rexistra o aumento máis importante de gasto dos turistas españois no ano 2008, pasa de algo máis de 5 millóns de euros en 2007 a case 15 millóns neste ano. Por outra banda, esta provincia foi a que sufriu o maior descenso no gasto dos turistas en 2005, concretamente un 74,4% respecto ao ano anterior. Ourense, por último, rexistra o menor gasto de turistas españois, aínda que en 2008, ao igual que nas demais provincias galegas, experimentou un importante incremento, duplicouse a cifra acadada no ano anterior.

Se analizamos a variable de xénero, conséntase que as mulleres españolas que chegan a Galicia gastan algo máis ca os homes, agás no ano 2003, no que a cifra de gasto dos homes era lixeiramente superior ao das mulleres. No que respecta aos estranxeiros, o gasto por sexos é algo inferior entre as mulleres, aínda que no ano 2008 practicamente se equipara.

No tocante á idade, os turistas españois que máis gastaron en Galicia no ano 2008 son os mozos de entre 29 e 40 anos, que sobordan os 47 millóns de euros, un 69,4% do gasto total realizado por todos os viaxeiros que practicaron este tipo de turismo en Galicia nese ano. Porén, o maior aumento deuse en 2008 nos maiores de 65 anos, cun incremento dun 75,4% con respecto ao 2007. En liñas xerais, cómpre dicir que o gasto foi aumentando en todos os treitos de idade, agás no ano 2005, que diminuíu con respecto ao 2004. Hai que salientar que en 2004 o aumento do gasto foi especialmente relevante nos 3 treitos de idade dos maiores de 40 anos: de 41 e 50 anos, de 51 a 65 anos e os de máis de 65 anos, cun 71,2% no primeiro caso, máis do dobre no segundo e cuadruplicándose no caso dos maiores de 65 anos. En canto aos turistas estranxeiros, os de entre 51 e 65 anos foron os que máis gastaron en 2008. En calquera caso, a evolución do gasto en todos os treitos de idade é positiva, unicamente experimenta un descenso no ano 2005 con respecto ao 2004, que é o mesmo que acontece cos turistas españois. Cómpre salientar a evolución positiva dos gastos realizados polos mozos de ata 29 anos, destacando o feito de que no último ano foi máis do dobre con respecto ao 2007. Por outra banda, o aumento do gasto dos maiores de 65 anos en 2008 foi máis de 5 veces superior ao do ano 2007.

Con respecto ao estado civil, os turistas españois que máis gastan en turismo cultural en Galicia son os casados. Concretamente en 2008, o gasto dos casados supuxo un 67,8% do total, fronte o 26,1% dos solteiros. En canto á evolución temporal do gasto, é salientable o feito de que mentres os solteiros diminuíron o gasto no ano 2005 en relación ao 2004, os casados sufriron tres caídas sucesivas entre 2005 e 2007, pero repuntaron en 2008. Con respecto aos turistas estranxeiros, os datos son similares aos dos españois: en xeral os casados gastan máis ca os solteiros, e no último ano chegou a dobrarse o gasto.

En canto ao nivel de estudos, en xeral os que posúen estudos superiores foron os que máis gastaron. Con todo, cómpre destacar o grande aumento que experimentou en 2004 o gasto dos que non teñen estudos ou só estudos primarios, máis de catro veces respecto ao 2003, un valor moi superior ao rexistrado nese mesmo período polos que posúen estudos superiores (12,1%).

Se temos en conta a situación laboral dos turistas, os que máis gastaron foron os asalariados do sector privado, mentres que os que menos gastaron foron os estudantes. Porén, o dato máis salientable dáse na evolución do gasto dos estudantes, que foi diminuíndo progresivamente entre 2004 e 2008, de tal xeito que neste período reducíronse os seus gastos en máis de 6 millóns de euros. A explicación disto pode ser que no 2004, ao ser Ano Santo, os centros educativos promoveron peregrinacións polo Camiño de Santiago, xerando un gasto superior aos anos

posteriores. No resto das categorías clasificadas por situación laboral, os gastos mantéñense máis ou menos estables aínda que con tendencia á alza, agás no caso dos autónomos, que descenden nos dous últimos anos. O caso máis destacable de aumento no gasto é, como xa se mencionou anteriormente, o dos asalariados do sector privado, que no ano 2008 case duplicaron os seus gastos con respecto ao 2007, que ascenderon a un total de case 82 millóns de euros, o que supón un 52,4% do gasto total dos turistas españois que se achegan a Galicia polo seu interese cara á súa cultura ou o seu medio natural.

Por comunidades autónomas, os que máis gastaron foron os madrileños, seguidos de andaluces e cataláns. Os asturianos son os únicos que diminuíron os gastos progresivamente dende 2003 a 2008 en case a metade, mentres que os vascos case triplicaron os seus gastos nese mesmo período.

Por países, os que máis gastan son os que proveñen do continente americano, seguidos polos do Reino Unido e Alemaña. En 2008, o gasto dos portugueses foi moi semellante ao dos alemáns e experimentou un aumento moi significativo con respecto ao ano anterior, debido a que os turistas portugueses triplicaron os seus gastos.

Ao analizar a variable do medio de transporte principal que utilizan os turistas españois, constatamos que os que viaxan en coche son os que máis gastan, seguidos polos que o fan en avión; é precisamente neste medio no que se dá o maior incremento ao longo de toda a serie temporal, cunha diferenza entre o ano 2003 e 2008 dun 84,8%.

O gasto medio diario dos viaxeiros españois que chegaron á comunidade autónoma galega durante o pasado ano 2008 foi de 110,6 €, cifra só superada pola provincia da Coruña. Cando analizamos os datos das catro provincias galegas, segue Pontevedra con preto dos 107 €, mentres Ourense e Lugo son as que menos reciben dos turistas, ao redor dos 94 € en ambos os dous casos. Entre os anos 2003 e 2006 a media no gasto diario nunca baixou dos 130 €; iniciouse unha baixada moi significativa en todas as provincias nos dous últimos anos, 2006 e 2007. O índice de gasto máis alto produciuse en 2004, que, como xa vimos noutros apartados, foi un ano excepcional por mor da celebración do Ano Santo Compostelán, cunha media de gasto diario de 139,8 €, sendo curiosamente a provincia de Ourense a que deu a cifra máis alta con case 190 € de gasto, seguida de Pontevedra (145,2 €), A Coruña (137,6 €) e Lugo (121,5 €). Os homes gastaron lixeiramente máis que as mulleres en toda a serie temporal, agás en 2006, no que estas gastaron de media diaria 6 € máis ca eles, 132,5 € fronte a 127,9 €. Non hai novidades significativas neste eido nas variables de idade, estado civil e nivel de estudos; en xeral, como vimos ata o de agora, gastan máis os de idades comprendidas entre 29 e 50 anos, os casados e os de maior nivel de estudos. O gasto medio diario dos turistas culturais non difire moito da media (114 € en 2008).

Pola contra, cando temos en conta a situación laboral, si que atopamos variación respecto a outras análises realizadas, sendo esta a primeira ocasión en que, entre os anos 2004 e 2008, os que maior gasto efectúan son os autónomos, seguidos polos asalariados do sector público e privado.

Os viaxeiros de Ceuta e Melilla, Baleares, Murcia e a Comunidade Valenciana son os que máis gastan de media cada día, todos por riba dos 120 €, que no caso dos primeiros chegan aos case 140 €; asturianos e cántabros, por debaixo dos 100 €, son os que menos gastan.

Cando analizamos o gasto medio diario dos estranxeiros, non hai variacións salientables respecto ao analizado no caso dos españois. En 2008, estes viaxeiros seguen a gastar máis nas provincias da Coruña e Pontevedra, con múltiples oscilacións ao longo da serie temporal, como por exemplo no ano 2003 e 2005, nos que é a provincia de Ourense a que lidera o gasto medio diario dos turistas estranxeiros en Galicia. As mulleres, os casados e os que posúen estudos superiores continúan sendo os que máis gastan, como tamén, en xeral, os turistas de idades comprendidas entre 41 e 65 anos. Entre 2005 e 2007 os autónomos foron os que máis gastaron de media cada día, mais en 2008 foron os asalariados do sector privado os que o fixeron en maior medida.

Os viaxeiros procedentes de Reino Unidos foron os que máis gastaron diariamente na nosa comunidade nos anos 2007 e 2008, seguidos polos turistas do resto de Europa e América, en xeral. Con todo, entre os anos 2003 e 2006 o maior gasto correu a cargo dos italianos e alemáns, seguidos polos americanos, un colectivo que, non hai que esquecer, foi estudado ao longo de toda a serie temporal como un todo continental.


Capítulo VI

O TURISMO CULTURAL E O CAMIÑO DE SANTIAGO

O turismo relixioso ten unha importancia crecente no contexto mundial. Aos tradicionais destinos internacionais como Lourdes, o Vaticano, Xesuralén ou a Meca, únese Santiago de Compostela como punto de referencia para as peregrinacións.

O turista relixioso adoita ser unha persoa cunha capacidade de gasto maior que a media, pero que prefere as estancias curtas no destino principal. A particularidade que ofrece o camiño é que, a pesar de que o destino final sexa un punto xeográfico concreto, o tránsito cara a este eleva o tempo de estancia dentro da rexión. As novas iniciativas, como ampliar ou recuperar rutas, deberían incidir positivamente nas estancias medias. Por outra banda, as motivacións dos turistas que elixen este tipo de destinos adoitan ser múltiples, interaccionando o turismo relixioso e cultural.

Os resultados que ofrece a Oficina do Peregrino son significativos a pesar de que non recollen a totalidade dos visitantes que acceden a pé, a cabalo ou en bicicleta á comunidade. Como podemos apreciar na gráfica, ademais de constatar unha evolución espectacular, o efecto arrastre dos anos santos é moi importante, e aumenta non só o número de peregrinos senón a tendencia ao crecemento, que cada vez acada cotas máis altas.



Visitas de peregrinos a Galicia. FONTE: Oficina do Peregrino

Por vías de tránsito, podemos constatar que o Camiño Francés segue a ser o preferido, con aumentos importantes. Concretamente, entre 2005 e 2008 esta vía incrementou o tránsito nun 24%. Seguen en popularidade o Camiño Francés e o Camiño Fisterra-Muxía. O resto de camiños, a pesar de que son percorridos por un número menor de peregrinos, teñen incrementos proporcionais importantes e destacan, entre eles, o Camiño Primitivo, o do Norte, o Portugués, o Inglés e a Vía da Prata, con crecementsos de entre o 70% e o 160% nos últimos catro anos.

En canto á procedencia dos peregrinos, podemos citar un informe elaborado polo IET Galicia, no que se achegaban as seguintes conclusións:

- No ano 2007 rexistráronse na Oficina do Peregrino un total de 55 326 peregrinos españois, un 48,5% do total. O 51,5% restante foron estranxeiros, procedentes na súa maior parte dos principais países europeos.

- Tanto o número de peregrinos españois como estranxeiros experimentan un incremento constante e progresivo, manténdose sempre o volume de españois por riba do de estranxeiros agás no ano 2007.
- Os picos observados nos anos xacobeos corresponden na súa maior parte a incrementos na chegada de peregrinos do ámbito doméstico. Parece menor a repercusión desta festividade no volume de peregrinos estranxeiros que chegan a Santiago.
- As taxas de incremento do volume de peregrinos estranxeiros na cidade acentúanse nestes últimos anos, e concretamente a partir do ano 2006. No ano 2003 a cifra de estranxeiros situábase no 40,5% do total, porcentaxe que se incrementou ata o 47,9% en 2006 e o 51,5% en 2007.
- En conxunto, Alemaña, Italia e Francia representan o 53% do total de peregrinos estranxeiros.
- Outros países europeos de importancia, aínda que con porcentaxes significativamente menores, son Portugal (6,8%), Reino Unido e Austria (2,9%) ou Holanda (2,8%).

O dato de ocupación en albergues ofrece pouca variación total nos últimos anos, sobre todo nas rutas onde empeza a haber unha certa saturación das prazas de aloxamento dispoñibles. Con todo, é destacable o feito de que dende 2004, as noites feitas roldan as 300 000 anuais. Naqueles camiños que están experimentando un crecemento de peregrinos, pódense apreciar tamén incrementos de ocupación, pero en proporcións menores. As vías en que se aprecia un incremento maior son o Camiño Primitivo e mais o do Norte, cunhas taxas de crecemento do 102% e 43%, respectivamente.

Capítulo VII

IMPACTO DO TURISMO CULTURAL NA ECONOMÍA GALEGA

Neste capítulo propoñémonos realizar un cálculo das principais magnitudes macroeconómicas do turismo cultural, poñéndoas en relación co peso do turismo e comparándoo con outros sectores produtivos.

1. CONSIDERACIÓNS TEÓRICAS E METODOLÓXICAS SOBRE AS ESTIMACIÓNS

A primeira dificultade metodolóxica á que nos enfrontamos é a relativa á definición de turista cultural para os efectos estatísticos. Como puidemos ver anteriormente, o turista cultural pode definirse como aquel viaxeiro que visita o destino por motivos principalmente culturais e aquel que, independentemente do motivo da viaxe, realiza algunha actividade cultural concreta.

A segunda dificultade ten que ver coa falta de fontes informativas propias da comunidade autónoma de Galicia. Para o conxunto de España, o INE realiza a operación Cuenta Satélite del Turismo, que define unha metodoloxía concreta dentro do marco da contabilidade nacional. Ademais desta fonte primordial, tamén dispoñemos das operacións EGATUR (gasto turístico dos non residentes en España), así como a Encuesta Continua de Presupuestos Familiares, que ofrece resultados de epígrafes de gasto que resultarían pertinentes para cuantificar o peso do turismo cultural no conxunto da economía. Por último, o IGE realiza unha operación que recolle o gasto dos non residentes, pero limitado aos que fan noite en establecementos de 3 o máis estrelas.

A terceira dificultade atópase nas escasas fontes que existen para definir unha metodoloxía específica para Galicia.

Como puidemos ver no capítulo referido á metodoloxía, EXCELTUR elabora informes periódicos sobre o peso do turismo na economía (IMPACTUR). O último traballo dispoñible para Galicia (EXCELTUR, 2009) fornece os datos descritos máis arriba sobre o impacto do turismo na economía. EXCELTUR calcula as principais variables macroeconómicas xeradas polo turismo (PIB, emprego, investimento, impostos, consumo privado, exportacións...). Para este cálculo sérvese dunha serie de magnitudes que se recuperan de distintas fontes e que non son desagregables en función do motivo da viaxe nin das actividades realizadas polos turistas.

Para realizar os cálculos sobre a incidencia económica do turismo cultural, realizaremos unha serie de concesións e modificacións sobre a base da metodoloxía IMPACTUR Galicia.

En primeiro lugar, utilizaremos o mesmo marco conceptual, baseado nas recomendacións da UNESCO, da OMT e do INE, que implica un cálculo dende a perspectiva da demanda. En segundo lugar, faremos as modificacións no cálculo dos seus compoñentes en virtude do seguinte:

Para o cálculo dos compoñentes do consumo turístico basearémonos na proporción de gasto turístico correspondente. Así, no consumo final dos fogares residentes en Galicia computará a proporción correspondente do turismo cultural dos galegos. O resto dos compoñentes que conforman o consumo turístico interno asumimos que permanecen constantes, dado o carácter netamente transversal destes. Do mesmo xeito que procede IMPACTUR, desbotaremos do cálculo das achegas do turismo cultural ao PIB rexional o gasto en viaxes de negocio fóra da súa contorna habitual realizado tanto polas empresas como polas administracións públicas residentes.

En canto ao consumo turístico receptor, formado polo consumo dos nacionais non residentes en Galicia e o consumo dos turistas estranxeiros, calcularemos a proporción gastada por aqueles viaxeiros que declaren vir a Galicia por motivos culturais.

En relación ao resto de compoñentes da demanda turística, procedemos a calcular a proporción correspondente que o turismo cultural exerce sobre a formación bruta de capital. A razón pola que decidimos que fose unha partida proporcional é porque consideramos que esta debería estar en relación directa co consumo dos turistas, que, en última instancia, é a que empuxa os empresarios a acometer os investimentos necesarios para ofrecer os servizos demandados. Do mesmo xeito, a subtracción das importacións para o cálculo do PIB obedecerá á mesma proporción. Por último, consideramos que o gasto público permanece constante, debido á difícil individualización daqueles. Aínda que este gasto puidera ser sensiblemente superior no caso do turismo cultural, debido ás partidas destinadas para a promoción da cultura da Xunta de Galicia e as administracións locais, principalmente, desbotamos sumarllas porque entendemos que poden atoparse incorporadas no cálculo que ofrece IMPACTUR do consumo individual das administracións públicas (AA.PP.).

Por outra banda, calcularemos o peso do turismo cultural atendendo a un dos dous tipos de viaxeiros segundo as delimitacións conceptuais do termo que vimos na introdución, é dicir, daqueles que nos visitan por motivos culturais, desbotaremos os que simplemente realizan actividades culturais no destino, independentemente da motivación principal da viaxe. A razón ten que ver con que máis do 75% de estranxeiros que nos visitan realizan actividades culturais, porcentaxe que descende ata ao redor do 50% no caso dos viaxeiros españois. Obviamente, se os cálculos atendesen a este tipo de turista, o peso do ámbito cultural sería moito maior.

2. PRINCIPAIS MAGNITUDES MACROECONÓMICAS


Atendendo ás consideracións expostas arriba, achegamos os cálculos obtidos:

Consumo final dos fogares residentes (Total gasto turismo cultural dos residentes)	177,36
Consumo individual AA.PP.	223,00
Consumo dos non residentes (Total gasto en turismo cultural dos non residentes)	618,00
Formación bruta de capital	366,00
Gasto colectivo das AA.PP.	264,00
Importacións (Derivadas do turismo cultural)	224,08
Demanda Turismo Cultural	1648,36
PIB Turismo Cultural (efectos directos e indirectos)	1424,28
En porcentaxe do PIB	2,53%

Compoñentes da demanda do turismo cultural (viaxeiros por motivos culturais) 2007.
Elaboración propia a partir de EXCELTUR, IGE e IET. Millóns de euros

Como podemos ver, o compoñente que máis inflúe no resultado é o do consumo final dos fogares residentes, que, comparativamente, é moito menor ca o total do gasto deste grupo de poboación. A razón está relacionada co feito de que os galegos fan relativamente pouco turismo cultural fóra da comunidade. Pola contra, observamos unha proporción moi importante do consumo dos turistas culturais non residentes, que supoñen case unha cuarta parte do total dos ingresos. En relación con isto, e de acordo coa metodoloxía exposta, tamén vemos unha redución importante das contías dos investimentos e das importacións. A demanda turística deste ámbito suma máis de 1648 millóns de euros, o que, restadas as importacións, supón un 2,53% do PIB galego. Esta magnitude permite afirmar que o turismo cultural, cando menos, supón, para os efectos macroeconómicos, a cuarta parte da demanda turística total.

Por comparar con outros sectores produtivos, ofrecemos a seguinte gráfica:



Comparación do peso porcentual dalgunhas actividades no PIB galego en relación co turismo cultural.
Elaboración propia a partir de Contabilidade rexional de España (INE)

Como podemos observar, o peso relativo do turismo cultural no conxunto da economía é destacable. O turismo cultural ten unha incidencia maior que sectores moi consolidados, como pode ser a pesca, a industria da alimentación e a metalurxia, e sitúase xusto por debaixo do sector que agrupa todas as actividades enerxéticas relacionadas coa electricidade, o gas e a auga.

Capítulo VIII

CONCLUSIONES

O turismo constitúe unha industria de grande importancia para a economía de moitas rexións. Hoxe en día prodúcese uns 900 millóns de viaxes turísticas internacionais cada ano no mundo. España é un país que se beneficiou tradicionalmente do fluxo de viaxeiros. Os turistas que nos visitan gastan uns 50 000 millóns de euros. Aínda que as comunidades autónomas máis beneficiadas por esta industria son as illas e a vertente mediterránea, Galicia afianzouse como unha oferta turística de gran potencial de crecemento e que xa funciona como un importante impulsor da economía. Como vimos, os impactos directos e indirectos do turismo na economía galega supoñen máis dun 10% do PIB.

A actividade turística ten unha implantación relativamente recente, experimentou un auxe formidable a partir, sobre todo, da década de 1960, coa implantación dun turismo de masas, que busca, principalmente, descanso en climas máis favorables que os de orixe. Pero a partir do último cuarto do século XX evidénciase unha competencia entre os distintos países e rexións para atraer turistas e aparecen os desexos destes últimos de atopar destinos diferenciados. É neste contexto onde xorde un tipo de viaxeiro que se desmarca de tendencias convencionais. A nova oferta, que complementa a anterior, céntrase en dous tipos de propostas, unha máis relacionada coa cultura e outra coa natureza. Xorde así unha tipoloxía de turistas diferenciados do perfil do turista de masas, que anteriormente case copaba o mercado. Entre os novos turismos, destaca o turismo cultural, unha alternativa que encaixa perfectamente coa necesidade de diversificar e desestacionalizar a oferta para satisfacer unha demanda en continuo cambio.

Os principais organismos internacionais dedicados ao estudo ou á promoción do turismo coinciden hoxe en día en recomendar o desenvolvemento da relación entre cultura e turismo, tanto como recurso e potencial de desenvolvemento local e rexional, como garantía de conservación e posta en valor do patrimonio e catalizador para a sostibilidade.

Vimos que había dous tipos principais de turistas culturais. Un primeiro, que centra o noso interese, é o turista que accede a un destino principalmente por motivos culturais; e outro, máis xenérico, que realiza algún tipo de actividade cultural. O patrimonio e a ampla oferta cultural permiten que neste último grupo se sitúen practicamente as tres cuartas partes dos turistas estranxeiros que visitan Galicia. No tocante ás persoas que visitan Galicia por motivos culturais, ofrecemos unha panorámica máis ampla, froito da explotación específica das principais fontes relativas ao turismo.

En 2008, 550 000 españois residentes fóra da nosa comunidade visitaron Galicia por motivos culturais. A pesar de que nalgún ano se produciu algunha caída nos viaxeiros, o certo é que nos últimos 7 anos o crecemento deste tipo de turista é de máis do 100%. Do total de visitantes (incluíndo os que veñen por motivos profesionais ou familiares) do resto de España, o turismo cultural supón case o 7%, cifra que se eleva ata o 16% dos que veñen por motivos de ocio. Unha diferenza positiva que ofrece o turista cultural que vén a Galicia ten que ver coa duración media da estada, que é sensiblemente maior que a do conxunto de turistas, sumando case 3 millóns de noites feitas en 2008.

O perfil do turista que estamos a describir é unha persoa con traballo ou en idade de traballar, casada e que elixe establecementos hostaleiros para aloxarse. Aínda que non hai grandes diferenzas, hai unha pequena tendencia a que o turista cultural que visita Galicia procedente do resto de España sexa unha muller, que ademais realiza unha estada algo máis longa. Por outra banda, en máis da metade dos casos, os turistas españois xa visitaran Galicia con anterioridade.

No mesmo ano, chegaron a Galicia case 500 000 viaxeiros procedentes do estranxeiro por motivos culturais. Igual que ocorre cos turistas españois, a pesar de que hai unha certa variación segundo os anos, cunha baixada en 2007 e unha recuperación en 2008, obsérvase un crecemento histórico moi forte. Por tomar un ano de referencia, dende o Ano Santo de 2004, as entradas deste tipo de viaxeiro experimentaron un incremento do 296%. Se o efecto arrastre do Xacobeo parece menos obvio entre os turistas culturais do resto de España, no caso dos viaxeiros internacionais semella que esta celebración incide moi positivamente na atracción de turistas en anos posteriores. En calquera caso, é difícil acadar cotas de crecemento semellantes, xa que se produce un salto cuantitativo moi importante entre 2004 e 2005. É outro dato positivo que a proporción entre turistas e excursionistas tamén vaia evolucionando a favor dos primeiros, dado o maior gasto que realizan. Esta proporción está moi condicionada pola entrada de excursionistas portugueses, que forman dentro deste grupo o colectivo con diferenza máis importante. Con todo, é moi importante o feito constatado de que cada vez son máis os habitantes do país veciño que fan noite en Galicia nas súas visitas. O efecto do Xacobeo 2004 neste grupo parece que inflúe nunha maior afluencia de turistas fronte a excursionistas, coa salvidade do ano 2008, onde a proporción de excursionistas crece. O resto de viaxeiros internacionais que acceden a Galicia por motivos culturais copan unha cota do 18%, aproximadamente, en 2008, pero con taxas de crecemento espectaculares entre os turistas americanos e europeos, que ademais son os que teñen estadias máis longas.

O perfil do viaxeiro cultural estranxeiro dos últimos anos é unha persoa de entre 45 e 64 anos, que accede en transporte pesado, alóxase entre 2 e 3 noites nalgún establecemento hoteleiro e accede sen paquete turístico, aínda que este último dato muda ao final das series anuais, o cal tamén debe entenderse como positivo. En canto á fidelización do destino, a pesar de que non son tantos os turistas internacionais que retornan a Galicia, case a cuarta parte dos que nos visitaran en 2008 xa estiveran aquí.

Os destinos preferentes dos turistas culturais atópanse nas provincias da Coruña e Pontevedra, con moita diferenza, polo que o potencial de crecemento das provincias de Lugo e Ourense é importante, algo que, non obstante, non se constata no período que analizamos.

Como puidemos ver, describimos os datos de gasto dos turistas culturais que se aloxan en establecementos hoteleiros de 3 ou máis estrelas. Os resultados semellan moi positivos, dando uns ingresos de case 220 millóns de euros en 2008, o cal supón máis da terceira parte do total do gasto dos turistas. O gasto medio diario roldou os 110 euros. O Xacobeo parece incidir positivamente neste indicador, xa que en 2004 os turistas españois realizaron o maior gasto diario medio por persoa e os estranxeiros o segundo mellor de toda a serie. O gasto medio diario dos estranxeiros é sensiblemente maior ao dos nacionais, pero a tendencia nos últimos anos é a de nivelarse.

A constatada influencia do Ano Santo de 2004 levounos a achegarnos aos datos de peregrinacións, por entender que hai unha relación estreita entre este tipo de viaxeiro e o turista cultural. Os datos corroboran a intuición, xa que os picos de afluencia de 1993, 1999 e 2004 producen unha tendencia a aumentar as peregrinacións en anos sucesivos e en proporcións maiores. En relación cos datos de turismo cultural, observamos tamén un aumento moi importante de peregrinos estranxeiros en datas recentes que mesmo superan aos españois no último dato de referencia.

En relación cos datos de gasto do turismo, decidimos facer un cálculo aproximado do peso do turismo cultural no conxunto da economía galega, a partir das fontes dispoñibles. Os resultados indican que os impactos directos e indirectos do turismo cultural suman 1424 millóns de euros, o cal supón un 2,5% do PIB rexional, un dato que, comparado coas achegas doutros sectores económicos, resulta transcendental para a economía galega.

Capítulo IX

TÁBOAS

GASTO DOS NON RESIDENTES

- A.1. Número de viaxeiros non residentes do resto de España por provincias. Anos 2003-2008
- A.2. Número de viaxeiros non residentes do resto de España segundo o sexo. Anos 2003-2008
- A.3. Número de viaxeiros non residentes do resto de España segundo a idade. Anos 2003-2008
- A.4. Número de viaxeiros non residentes do resto de España segundo o estado civil. Anos 2003-2008
- A.5. Número de viaxeiros non residentes do resto de España segundo o nivel de estudos. Anos 2003-2008
- A.6. Número de viaxeiros non residentes do resto de España segundo a situación laboral. Anos 2003-2008
- A.7. Número de viaxeiros non residentes do resto de España por CC.AA. Anos 2003-2008
- A.8. Número de viaxeiros non residentes do resto de España segundo primeira visita. Anos 2003-2008
- A.9. Número de viaxeiros non residentes do resto de España segundo o medio de transporte principal. Anos 2003-2008
- A.10. Estancia media en Galicia dos viaxeiros non residentes do resto de España. Anos 2003-2008
- A.11. Valoración media da estancia en Galicia (de 0 a 10) dos viaxeiros non residentes do resto de España. Anos 2003-2008
- A.12. Número de viaxeiros non residentes estranxeiros por provincias. Anos 2003-2008
- A.13. Número de viaxeiros non residentes estranxeiros segundo o sexo. Anos 2003-2008
- A.14. Número de viaxeiros non residentes estranxeiros segundo a idade. Anos 2003-2008
- A.15. Número de viaxeiros non residentes estranxeiros segundo o estado civil. Anos 2003-2008
- A.16. Número de viaxeiros non residentes estranxeiros segundo o nivel de estudos. Anos 2003-2008
- A.17. Número de viaxeiros non residentes estranxeiros segundo a situación laboral. Anos 2003-2008
- A.18. Número de viaxeiros non residentes estranxeiros por países. Anos 2003-2008
- A.19. Número de viaxeiros non residentes estranxeiros segundo primeira visita. Anos 2003-2008
- A.20. Número de viaxeiros non residentes estranxeiros segundo o medio de transporte principal. Anos 2003-2008
- A.21. Estancia media en Galicia dos viaxeiros non residentes estranxeiros. Anos 2003-2008
- A.22. Valoración media da estancia en Galicia (de 0 a 10) dos viaxeiros non residentes estranxeiros. Anos 2003-2008
- A.23. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España por provincias. Anos 2003-2008
- A.24. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España por sexo. Anos 2003-2008
- A.25. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España por idade. Anos 2003-2008
- A.26. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España por estado civil. Anos 2003-2008
- A.27. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España por nivel de estudos. Anos 2003-2008
- A.28. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España por situación laboral. Anos 2003-2008
- A.29. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España por CC.AA. Anos 2003-2008
- A.30. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España segundo primeira visita. Anos 2003-2008
- A.31. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España por medio de transporte principal. Anos 2003-2008
- A.32. Gasto total dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por provincias. Anos 2003-2008
- A.33. Gasto total dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por sexo. Anos 2003-2008
- A.34. Gasto total dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por idade. Anos 2003-2008
- A.35. Gasto total dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por estado civil. Anos 2003-2008
- A.36. Gasto total dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por nivel de estudos. Anos 2003-2008

- A.37. Gasto total dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por situación laboral. Anos 2003-2008
- A.38. Gasto total dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por países. Anos 2003-2008
- A.39. Gasto total dos viaxeiros non residentes do estranxeiro segundo primeira visita. Anos 2003-2008
- A.40. Gasto total dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por medio de transporte principal. Anos 2003-2008
- A.41. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España por provincias. Anos 2003-2008
- A.42. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España por sexo. Anos 2003-2008
- A.43. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España por idade. Anos 2003-2008
- A.44. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España por estado civil. Anos 2003-2008
- A.45. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España por nivel de estudos. Anos 2003-2008
- A.46. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España por situación laboral. Anos 2003-2008
- A.47. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España por CC.AA. Anos 2003-2008
- A.48. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España segundo primeira visita. Anos 2003-2008
- A.49. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España por medio de transporte principal. Anos 2003-2008
- A.50. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por provincias. Anos 2003-2008
- A.51. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por sexo. Anos 2003-2008
- A.52. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por idade. Anos 2003-2008
- A.53. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por estado civil. Anos 2003-2008
- A.54. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por nivel de estudos. Anos 2003-2008
- A.55. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por situación laboral. Anos 2003-2008
- A.56. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por países. Anos 2003-2008
- A.57. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do estranxeiro segundo primeira visita. Anos 2003-2008
- A.58. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do estranxeiro por medio de transporte principal. Anos 2003-2008
- A.59. Número de viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por provincias. Ano 2008
- A.60. Número de viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo o sexo. Ano 2008
- A.61. Número de viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo a idade. Ano 2008
- A.62. Número de viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo o estado civil. Ano 2008
- A.63. Número de viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo o nivel de estudos. Ano 2008
- A.64. Número de viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo a situación laboral. Ano 2008
- A.65. Número de viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo primeira visita. Ano 2008
- A.66. Número de viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo o medio de transporte principal. Ano 2008
- A.67. Estancia media en Galicia dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro. Anos 2003-2008
- A.68. Valoración media da estancia en Galicia (de 0 a 10) dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro. Anos 2003-2008
- A.69. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por provincias. Ano 2008
- A.70. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por sexo. Ano 2008
- A.71. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por idade. Ano 2008
- A.72. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por estado civil. Ano 2008
- A.73. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por nivel de estudos. Ano 2008
- A.74. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por situación laboral. Ano 2008
- A.75. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo primeira visita. Ano 2008
- A.76. Gasto total dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo o medio de transporte principal. Ano 2008
- A.77. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por provincias. Ano 2008
- A.78. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por sexo. Ano 2008
- A.79. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por idade. Ano 2008
- A.80. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por estado civil. Ano 2008
- A.81. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por nivel de estudos. Ano 2008

- A.82. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por situación laboral. Ano 2008
- A.83. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro segundo primeira visita. Ano 2008
- A.84. Gasto diario medio por persoa dos viaxeiros non residentes do resto de España e do estranxeiro por medio de transporte principal. Ano 2008

FRONTUR: MOVEMENTOS TURÍSTICOS DE VIAXEIROS EN FRONTEIRAS

- B.1. Número total de viaxeiros (turistas e excursionistas) internacionais que chegaron a Galicia. Anos 2001-2008
- B.2. Número total de viaxeiros (turistas e excursionistas) internacionais que chegaron a Galicia por países. Ano 2008
- B.3. Número de turistas internacionais que chegaron a Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.4. Número de excursionistas internacionais que chegaron a Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.5. Número de turistas internacionais por países que utilizaron o vehículo lixeiro como medio de transporte para chegar a Galicia. Anos 2001-2008
- B.6. Número de turistas internacionais por países que utilizaron o vehículo pesado como medio de transporte para chegar a Galicia. Anos 2001-2008
- B.7. Número de turistas internacionais por tipo de aloxamento. Anos 2001-2008
- B.8. Número de turistas internacionais que chegaron a Galicia e se aloxaron en hoteis ou similar. Anos 2001-2008
- B.9. Número de turistas internacionais que chegaron a Galicia e utilizaron aloxamento non hoteleiro. Anos 2001-2008
- B.10. Número de turistas internacionais que chegaron a Galicia e non se aloxaron por países. Anos 2001-2008
- B.11. Número total de viaxeiros internacionais que chegaron a Galicia por sexo. Anos 2001-2008
- B.12. Número de turistas internacionais (homes) por países. Anos 2001-2008
- B.13. Número de turistas internacionais (mulleres) por países. Anos 2001-2008
- B.14. Número de excursionistas internacionais (homes) por países. Anos 2001-2008
- B.15. Número de excursionistas internacionais (mulleres) por países. Anos 2001-2008
- B.16. Número de turistas internacionais que non pasaron ningunha noite en Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.17. Número de turistas internacionais que pasaron unha noite en Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.18. Número de turistas internacionais que pasaron entre 2 e 3 noites en Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.19. Número de turistas internacionais que pasaron entre 4 e 7 noites en Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.20. Número de turistas internacionais que pasaron entre 8 e 15 noites en Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.21. Número de turistas internacionais que pasaron máis de 15 noites en Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.22. Número de turistas internacionais que chegaron a Galicia sen paquete por países. Anos 2001-2008
- B.23. Número de turistas internacionais que chegaron a Galicia con paquete por países. Anos 2001-2008
- B.24. Número de turistas internacionais menores de 15 anos que chegaron a Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.25. Número de turistas internacionais de 15 a 24 anos que chegaron a Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.26. Número de turistas internacionais de 25 a 44 anos que chegaron a Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.27. Número de turistas internacionais de 45 a 64 anos que chegaron a Galicia por países. Anos 2001-2008
- B.28. Número de turistas internacionais maiores de 64 anos que chegaron a Galicia por países. Anos 2001-2008

FAMILITUR: MOVEMENTOS TURÍSTICOS DOS ESPAÑOIS

- C.1. Viaxes realizadas con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.2. Estancia media dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.3. Número de viaxes por tipo de aloxamento dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.4. Número de noites pasadas por tipo de aloxamento dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.5. Estancia media (días) por tipo de aloxamento dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.6. Número de viaxes por duración da estancia dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.7. Número de noites pasadas por duración da estancia dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.8. Número de viaxes por estado civil dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.9. Número de noites pasadas por estado civil dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.10. Estancia media (días) por estado civil dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.11. Estancia media (días) por forma de organización dos viaxeiros con destino a Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.12. Número de viaxes por forma de organización dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.13. Número de noites pasadas por forma de organización dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.14. Estancia media (días) por forma de organización dos viaxeiros con orixe a Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.15. Estancia media dos viaxeiros con orixe Galicia por lugar de nacemento cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.16. Estancia media (días) por estado civil dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.17. Estancia media (días) por nivel de estudos dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.18. Estancia media (días) por ocupación dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.19. Número de viaxes por sexo dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.20. Número de noites pasadas por sexo dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.21. Estancia media (días) por sexo dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C. 22. Número de viaxes por situación laboral dos viaxeiros con destino a Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.23. Número de noites pasadas por situación laboral dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.24. Estancia media (días) por situación laboral dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.25. Estancia media (días) por tramos de idade dos viaxeiros con orixe Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2007
- C.26. Viaxes realizadas con destino a Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2008
- C.27. Estancia media dos viaxeiros con destino a Galicia cuxo motivo principal é o turismo cultural. Anos 2001-2008
- C.28. Número de viaxes por tipo de aloxamento dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.29. Número de noites pasadas por tipo de aloxamento dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.30. Estancia media (días) por tipo de aloxamento dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.31. Número de viaxes por duración da estancia dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.32. Número de noites pasadas por duración da estancia dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.33. Número de viaxes por estado civil dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.34. Número de noites pasadas por estado civil dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.35. Estancia media (días) por estado civil dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.36. Número de viaxes por forma de organización dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2007
- C.37. Número de noites pasadas por forma de organización dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2007

- C.38. Estancia media (días) por forma de organización dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.39. Estancia media dos viaxeiros con destino a Galicia por lugar de nacemento. Anos 2001-2008
- C.40. Viaxes realizadas con destino a Galicia dos viaxeiros nados en Galicia. Anos 2003-2006
- C.41. Número de viaxes por medio de transporte dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2007
- C.42. Número de noites pasadas por medio de transporte dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2007
- C.43. Estancia media (días) por medio de transporte dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.44. Estancia media (días) por nivel de estudos dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.45. Estancia media (días) por ocupación dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.46. Número de viaxes por sexo dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.47. Número de noites pasadas por sexo dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.48. Estancia media (días) por sexo dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.49. Número de viaxes por situación laboral dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.50. Número de noites pasadas por situación laboral dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008
- C.51. Estancia media (días) por situación laboral dos viaxeiros con destino a Galicia. Anos 2001-2008

TURISMO CULTURAL (MINISTERIO DE CULTURA)

- D.1. Entradas de turistas estranxeiros en Galicia que realizaron actividades culturais. Anos 2005-2007
- D.2. Gasto total en viaxes de turistas estranxeiros con destino Galicia que accederon por estrada e aeroportos e que realizaron actividades culturais. Anos 2005-2007

GASTO DOS NON RESIDENTES

A.1. NÚMERO DE VIAXEIROS NON RESIDENTES DO RESTO DE ESPAÑA POR PROVINCIAS. ANOS 2003-2008

	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	357 235,8	504 163,3	417 662,8	348 602,9	310 327,4	389 777,7
A Coruña	174 920,7	302 602,6	236 968,5	160 001,1	139 201,6	192 441,9
Lugo	38 031,9	45 742,3	11 180,8	23 441,9	23 945,6	38 294,0
Ourense	13 482,7	6373,4	3524,7	15 490,5	12 583,5	23 352,6
Pontevedra	130 800,6	149 445,0	165 988,8	149 669,3	134 596,7	135 689,2

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes

A.2. NÚMERO DE VIAXEIROS NON RESIDENTES DO RESTO DE ESPAÑA SEGUNDO O SEXO. ANOS 2003-2008

	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	357 235,8	504 163,3	417 662,8	348 603,0	310 327,4	389 777,7
Home	181 724,2	247 224,6	203 341,2	170 176,9	153 390,0	190 358,9
Muller	175 511,6	256 938,7	214 321,6	178 426,1	156 937,4	199 418,8

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes

A.3. NÚMERO DE VIAXEIROS NON RESIDENTES DO RESTO DE ESPAÑA SEGUNDO A IDADE. ANOS 2003-2008

	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	357 235,8	504 163,3	417 662,8	348 603,0	310 327,4	389 777,7
Ata 28 anos	57 060,0	57 636,0	37 958,7	28 311,0	34 587,5	37 494,6
De 29 a 40 anos	110 224,9	103 716,9	79 875,1	101 817,8	105 800,5	121 235,2
De 41 a 50 anos	113 142,4	173 689,5	156 718,0	87 234,0	79 923,4	108 601,0
De 51 a 65 anos	59 490,5	121 023,5	112 427,3	85 717,2	62 417,0	102 276,0
Máis de 65 anos	17 318,0	48 097,4	30 683,6	44 932,5	27 598,9	20 170,9

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes

A.4. NÚMERO DE VIAXEIROS NON RESIDENTES DO RESTO DE ESPAÑA SEGUNDO O ESTADO CIVIL. ANOS 2003-2008

	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	357 235,8	504 163,4	417 662,8	348 602,9	310 327,4	389 777,7
Solteiro	78 186,6	77 727,4	55 940,5	62 191,5	86 633,7	95 713,5
Casado	263 239,7	389 803,8	328 836,4	254 964,6	203 060,5	275 341,4
Outros	15 809,5	36 632,1	32 701,3	31 359,1	20 633,3	18 722,8

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes

A.5. NÚMERO DE VIAXEIROS NON RESIDENTES DO RESTO DE ESPAÑA SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS. ANOS 2003-2008

	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	357 235,9	504 163,3	417 662,8	348 603,0	310 327,4	389 777,7
